

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

27 de febreiro de 2026

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e sete de febreiro de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. Paula Bouzós Barros (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D. Juan Pablo Castillo Amigo (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8585.- **ACTA ANTERIOR**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/mXJ5XW3NCUtDSP1XivhyAfXCnNUgENzNEM7PIhFbW2snT2i2>

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria do 30 de xaneiro.

a) Parte resolutiva:

2.8586.- **ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA INTEGRAL DE CALIDADE TURÍSTICA EN DESTINOS (SICTED) NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (EXPTES. 2026007708-2025059956-2025033864)**

Acceso ás intervencións:

[https://depontevedra.seneca.tv:443/s/1B6VPA4n5QuRKtnpOIHZfkF6MANzITffPUICDOEbyO2qFwdk](https://depontevedra.seneca.tv:443/s/1B6VPA4n5QuRKtnpOIHZfkF6mA NzITffPUICDOEbyO2qFwdk)

Resultando que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do día 12 de setembro de 2025, adoptou o acordo de aprobación do expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do Servizo de implantación e desenvolvemento do Sistema Integral de Calidade Turística en Destino (SICTED) na provincia de Pontevedra.

Resultando que o procedemento convocouse mediante anuncio de licitación que foi enviado ao DOUE o 16/09/2025 e publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17/09/2025. Así mesmo, na mesma data



publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Resultando que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23 de outubro de 2025, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

- Aesencia Consultoría Estratégica SL B22460141.
- Auren Consultores SP, SLP B87352340.
- Autoxiro Turismo SL B32505505.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas para a súa valoración.

Resultando que recibido informe do Servizo de Turismo Rías Baixas (CSV: 68E3H0U2A51FYFKI), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 26/12/2025, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas. Resultando que unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación procedeu a clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propón ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, que proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Auren Consultores SP, SLP (CIF: B-87.352.340) polos prezos e valores ofertados.

Resultando que o persoal técnico do Servizo de Contratación con data 12/01/2026, comproba que a empresa Auren Consultores SP SLP CIF: B-87.352.340 atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación,



habilitación profesional ou empresarial, así como a concorrencia da non prohibición de contratar. Así mesmo comproba que se atopa ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social e de alta no IAE.

Resultando que, mediante Resolución Presidencial número 2026000087, de 13/01/2026 o órgano de contratación acepta a proposta de adxudicación da Mesa de Contratación, e require á empresa Auren Consultores SP SLP (CIF: B-87.352.340) para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando que a empresa Auren Consultores SP SLP (CIF: B-87.352.340) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2026004404 de data 23/01/2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 12.310,00 € (carta de pago núm. operación 12026000018782, do 26/01/2026).

Considerando os artigos 150 e 151 da LCSP, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 do artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.3 onde



figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG:

Adxudicar o contrato para a prestación do “Servizo de implantación e desenvolvemento do Sistema Integral de Calidade Turística en Destino (SICTED) na provincia de Pontevedra á empresa Auren Consultores SP SLP (CIF: B-87.352.340) polos seguintes prezos e valores ofertados:

1.- Prezo ofertado para a totalidade do contrato (2 ciclos anuais, 27 meses):

Importe sen o IVE:	246.200,00 €
IVE (21 %):	51.702,00 €
Importe total ofertado:	297.902,00 €

2.- Número de asistencias técnicas individualizadas (ATIs) ofertadas ás empresas en Ciclo 1: 4 ATIs a cada empresa ofertadas en total.

3.- Número de sesións ofertadas de cada unha das formacións obrigatorias para empresas de Ciclo 1: 2 sesións das formacións obrigatorias para empresa do ciclo 1.

4.- Inclusión de módulos formativos non incluídos na formación estrutural SICTED, para empresas en ciclos avanzados: 3 módulos formativos.

5.- Incremento da formación da persoa proposta como consultor/a sénior - coordinador do proxecto en canto as píululas formativas, das publicadas pola Secretaría de Estado na súa plataforma de formación, efectivamente realizadas: 5 píululas formativas.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
------------	-------------------------	------------------------



2026 - Asistencia técnica para obtención de distintivos (1º ano)	26/433.4320.227.06	141.503,45 €
2027 - Asistencia técnica e acto de entrega distintivos (1º ano) e Asistencia técnica para obtención de distintivos (2º ano)	27/433.4320.227.06	148.951,00 €
2028 - Asistencia técnica e acto de entrega distintivos (2º ano)	28/433.4320.227.06	7.447,55 €
TOTAL		297.902,00 €

Os importes correspondentes aos exercicios 2027 e 2028 quedarán condicionados á aprobación do respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

Forma de pagamento: Os pagos á empresa adxudicataria realizaranse de modo parcial, contra a presentación da correspondente factura, debendo facturarse conforme aos seguintes fitos de facturación:

Fito de pago	Prazo máximo	Porcentaxe a pagar	Importe sen IVE	IVE	Importe (IVE engadido)
Asistencia técnica para a obtención de distintivos (1er ano)	30/12/2026	95 %	116.945,00 €	24.558,45 €	141.503,45 €
Asistencia técnica e acto de entrega de distintivos (1er ano)	31/03/2027	5%	6.155,00 €	1.292,55 €	7.447,55 €
Asistencia técnica para a obtención de distintivos (2º ano)	30/12/2027	95 %	116.945,00 €	24.558,45 €	141.503,45 €
Asistencia técnica e acto de entrega de distintivos (2º ano)	31/03/2028	5%	6.155,00 €	1.292,55 €	7.447,55 €
Total			246.200,00 €	51.702,00 €	297.902,00 €

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de expte.:	2025033864	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá á súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.

3.8587.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE



MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO ANO 2026 (EXPTES. 2026007740-2025070722)

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/QRZ1g3RceNfjq437bPx3FS18k0JH23gdkBR7Kbuio1jSrbp5>

Resultando que por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial, celebrado o 26/12/2025, apróbase definitivamente o orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio 2026, xunto co cadro de persoal e relacións de postos de traballo de persoal funcionario, laboral, eventual e directivo.

Resultando que en data 16/02/2026 o deputado delegado de persoal propón modificar o cadro de persoal e relacións de postos de traballo, aprobadas polo Pleno da Corporación Provincial, co obxecto de introducir os cambios que se detallan a continuación, por omisións que se produciron na súa elaboración:

1. Modificación do cadro de persoal e a RPT do Centro Príncipe Felipe.

En data 20/01/2026 quedou vacante unha praza e posto de traballo de Oficial/a Xardineiro/a con motivo da xubilación do titular, polo que o centro Príncipe Felipe propón a súa amortización para crear con cargo a esta, unha praza e posto de traballo de Oficial/a Albanel, debido á necesidade de dispor de persoal propio que se encargue do mantemento das instalacións, especialmente no que se refire ás tarefas de novas cimentacións, revestimentos interiores e exteriores, enfoscados, colocación de chans, encofrados, reparacións para a restauración de espazos, etc..

Por tal motivo, procede modificar o cadro de persoal e a RPT de persoal funcionario adscrito ao Centro Príncipe Felipe, co fin de amortizar unha praza de Oficial/a Xardineiro/a, do subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, dotado co nivel 17 de complemento de destino, e crear con cargo a esta amortización unha praza de Oficial/a Albanel, do mesmo subgrupo, asociado a un posto de traballo de igual denominación, nivel de CD e Específico.



Así mesmo, en compensación da amortización anterior, tendo en conta que quedou vacante unha das prazas do proceso selectivo de promoción interna de Oficiais de Servizos Varios, do subgrupo C2, vinculada a un posto de traballo de igual denominación adscrito ao Centro Príncipe Felipe, propónse a súa transformación nunha praza e posto de traballo de Oficial/a Xardineiro/a, do mesmo subgrupo e idéntica retribución, co obxecto de completar o proceso de reclasificación do persoal do grupo inferior e adaptar á clasificación da praza ás funcións que se están a desenvolver.

2. Cambio de adscrición dun posto de traballo de Conductor/a.

En atención ás necesidades do servizo, procede cambiar a adscrición dun posto de traballo de Oficial/a Conductor/a, do subgrupo C2 que se atopa vacante en Secretaría Xeral, Unidade do Parque Móbil, e integralo no Servizo de Cooperación, debido aos desprazamentos que debe realizar o persoal técnico para o control e seguimento da execución das obras subvencionadas.

3. Rectificación de erro no complemento de destino de dous postos de traballo.

Advertido un erro no cadro da RPT de persoal funcionario adscrito ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais na transcripción dos niveis de complemento de destino en dous postos de traballo, de nova creación no grupo B; procede a súa rectificación, no senso que onde di. “Técnico/a operacións topográficas, nivel 23”, e “Xefatura de negociado delineación e topografía, nivel 22”; debe dicir: “Técnico/a operacións topográficas, nivel 22”, e “Xefatura de negociado delineación e topografía nivel 23”.

4. Cambio denominación dunha praza destinada á Estación Fitopatolóxica de Areiro.

Tras quedar vacante unha praza de Biólogo/a, do subgrupo A1, pola xubilación da persoa titular, propónse a súa transformación nunha praza de Técnico/a superior fitopatólogo, coa finalidade de non limitar o acceso a esta titulación e permitir outras que correspondan a esta rama de actividade.

5. Asignación da dedicación ao posto de traballo de Xefatura de Sección de Conservación e Explotación zona Sur.



No orzamento provincial do ano 2026 creouse unha praza de Enxeñeiro/a de Camiños para a reclasificación do persoal do subgrupo A2, con posto de traballo de Xefatura de Sección de Conservación e Explotación da zona Sur, dotado co nivel 26 de complemento de destino e sen o factor dedicación dentro do complemento específico, cando o posto de traballo de nivel inferior tiña recoñecido o factor dedicación; por tal motivo procede asignar ao novo posto de traballo, do subgrupo A1, a dedicación dentro do complemento específico e suprimilo no posto do subgrupo inferior, manténdose as mesmas retribucións en todas as xefaturas de sección que se dedican ás labores de Conservación e Explotación.

6. Creación de catro prazas de Oficial/a de infraestruturas e servizos para reclasificar persoal do grupo E.

Como continuidade do proceso de reclasificación das prazas do grupo E iniciado no orzamento do ano 2024, procede crear catro prazas de Oficial/a de infraestruturas e servizos, do subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 17, no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, con cargo a cinco prazas de Operario/a Especialista, do grupo E, con posto de traballo de Peón Camiñeiro/a, nivel 14, por equiparación de colectivos que veñen desenvolvendo as mesmas funcións. Ditas prazas créanse sobre outras do grupo E que se declaran a extinguir unha vez finalizado o correspondente proceso selectivo para así non duplicar a consignación orzamentaria.

7. Cambio do nivel nun posto de traballo do Servizo de Medio Ambiente.

Ao quedar vacante en data 05/02/2026 o posto de traballo de Xefatura de Negociado de Medio Ambiente, nivel 22, con motivo da xubilación do titular, procédese a súa transformación nun posto de traballo de administrativo/a, con nivel 20 de complemento de destino, ante a posibilidade de que se cubra proximamente con persoal interino.

8. Cambio de denominación dunha praza e posto de traballo de Novas Tecnoloxías.

Por unificación de prazas de idéntico contido no Servizo de Novas Tecnoloxías, transfórmase unha praza e posto de traballo de Técnico/a



Informático/a GIS, do subgrupo C1, nunha praza e posto de traballo de Técnico/a Informático/a, do mesmo subgrupo de clasificación e igual retribución.

9. Cambio de redacción da clave utilizada nos cadros da RPT na columna relativa á provisión de postos de traballo.

Co propósito de aclarar a redacción da clave utilizada nos cadros da RPT na columna relativa á forma de provisión dos postos de traballo, substitúese a redacción inicial pola seguinte: As convocatorias por concurso ou libre designación efectuaranse con carácter interno. A Corporación resérvase o dereito de poder abrir as de libre designación a outros colectivos de funcionarios/as naqueles postos que figuren cun asterisco (*).

10. Modificación da RPT de persoal eventual.

Dada a actividade que se lle atribúe ao posto de traballo de persoal eventual de Xefatura de Prensa da Vicepresidencia, procede incrementar a actual dotación económica nun total de 3.600 €, pasando de 48.467,17 €/ano a 52.067,17 €/ano, debido á súa dispoñibilidade e tempo de dedicación efectiva, que supera o previsto para a xornada laboral ordinaria, a asunción de maiores responsabilidades para o seguimento de expedientes que dependen desta área, a organización e coordinación das relacións institucionais, preparación e asistencia a reunións, etc., actividades que aumentaron considerablemente nos últimos meses e se estima que continúen ao longo do ano.

Resultando que en data 13/02/2026 reuniuse á Mesa xeral de negociación, na que se expón a proposta da Administración e explícanse as modificacións que se pretenden incorporar no cadro de persoal e nas relacións de postos de traballo, as cales se recollen na documentación entregada xunto coa convocatoria.

Resultando que as prazas de nova creación obxecto de reclasificación que queden desertas e non se cubran tras a celebración do correspondente proceso selectivo retornarán á súa situación de orixe e serán amortizadas.

Considerando que segundo o disposto no artigo 33.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), corresponde ó Pleno



da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, de acordo co previsto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

Considerando que así mesmo, os artigos 4.1 e 33.2 da LRBRL, artigo 70.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, e artigo 126.3 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, pola que se aproba o Texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), atribúen ó Pleno da Corporación Provincial a organización da Deputación, así como a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo a través do orzamento provincial.

Considerando que respecto ao persoal eventual, o artigo 104 da LBRL sinala que o número, características e retribucións do persoal eventual determinarase polo Pleno de cada Corporación, ó comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos orzamentos anuais, entendéndose incluídas tamén o das súas modificacións.

Considerando que a modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal funcionario que se propón fundaméntase na potestade de autoorganización da Corporación Provincial, recoñecida nos citados artigos, así como na adaptación da estrutura de persoal ás necesidades reais existentes nos distintos centros e servizos.

Considerando que conforme ao indicado no artigo 126.3 do TRRL a modificación do cadro de persoal durante a vixencia do orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación de aquel.

Considerando que neste sentido, o artigo 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo seguirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento, os cales se describen neste mesmo artigo e seguintes, 169 e 170, o que require aprobación inicial, exposición ao público por período de 15 días hábiles a efectos de reclamacións, e aprobación definitiva, debendo, non obstante, terse en conta o artigo 202 da Lei 2/2015, que fixa un prazo de información pública non inferior a vinte días.



Considerando canto antecede e vistos os informes que obran no expediente, o Pleno de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG:

PRIMEIRO: modificar o cadro de persoal e as relacións de postos de traballo de persoal funcionario, nas cales se introducen os cambios que se detallan a continuación:

1. A amortización dunha praza de Oficial/a Xardineiro/a, do subgrupo C2, con posto de traballo asociado de Oficial/a Xardineiro/a, nivel 17, adscrito ao Centro Príncipe Felipe, a cal quedou vacante pola xubilación da persoa titular.
2. A creación dunha praza de Oficial/a Albanel do subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 17, adscrito ao Centro Príncipe Felipe, para poder atender as labores de conservación e mantemento das instalacións.
3. A transformación dunha praza de Oficial/a de Servizos Varios, creada no orzamento 2025 para reclasificación do persoal Operario/a, nunha praza de Oficial/a Xardineiro/a para poder completar dito proceso e así adaptar á clasificación da praza ás funcións que se están a desenvolver.
4. A integración dun posto de traballo de Oficial/a Conductor/a, do subgrupo C2 que se atopa vacante en Secretaría Xeral, Unidade do Parque Móbil, no Servizo de Cooperación para que se encargue dos desprazamentos que debe realizar o persoal técnico para o control e seguimento da execución de obras subvencionadas.
5. A rectificación do erro detectado en dous postos de traballo do grupo B, de nova creación no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais ao transcribir os niveis de complemento de destino; no senso que onde di: “Técnico/a Operacións Topográficas, nivel 23”, e “Xefatura de Negociado Delineación e Topografía, nivel 22”; debe dicir:



“Técnico/a Operacións Topográficas, nivel 22”, e “Xefatura de Negociado Delineación e Topografía nivel 23”.

6. A transformación dunha praza de Biólogo/a do subgrupo A1, nunha praza de Técnico/a Superior Fitopatólogo, coa finalidade de non limitar o acceso a esta titulación e permitir outras que correspondan a esta rama de actividade.
7. A asignación do factor dedicación ao posto de traballo de Xefatura de Sección de Conservación e Explotación zona Sur, do subgrupo A1 nivel 26, con cargo á eliminación deste subconcepto retributivo no posto de traballo do subgrupo inferior, vinculado a unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a, que neste orzamento contemplouse a reclasificar.
8. A creación de catro prazas de Oficial/a de Infraestruturas e Servizos, do subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 17, no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, con cargo a catro prazas de Operario/a Especialista, do grupo E, con posto de traballo de Peón Camiñeiro/a, nivel 14, as cales se declaran a extinguir unha finalizado o proceso selectivo de reclasificación, para non duplicar a consignación orzamentaria. As prazas que queden desertas e non se cubran tras a celebración do correspondente proceso selectivo retornarán á súa situación de orixe e serán amortizadas.
9. A transformación dun posto de traballo de Xefatura de Negociado de Medio Ambiente, de nivel 22 de complemento de destino, nun posto de traballo de Administrativo/a, nivel 20, ante a posibilidade de que se cubra proximamente con persoal interino.
10. A transformación dunha praza e posto de traballo de Técnico/a Informático/a GIS, do subgrupo C1, nunha praza e posto de traballo de Técnico/a Informático/a, do mesmo subgrupo de clasificación e igual retribución, por unificación de prazas con idéntico contido.
11. A substitución da redacción da clave utilizada nos cadros da RPT na columna relativa á forma de provisión dos postos de traballo, que queda como segue: “As convocatorias por concurso ou libre



designación efectuaranse con carácter interno. A Corporación resérvase o dereito de poder abrir as de libre designación a outros colectivos de funcionarios/as naqueles postos que figuren cun asterisco (*)”.

SEGUNDO: modificar a relación de postos de traballo de persoal eventual para asignar ao posto de Xefatura de Prensa da Vicepresidencia unha retribución total anual de 52.067,17 €, pola asunción de maior dedicación, funcións e responsabilidades.

4.8588.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2026 (EXPTES. 2026007741-2026006249)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/dNmjRFvvH6rtKV86Uq95ikH9CaCrPOaiJZEuJUUX45D7gNcs>

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025008021, de data 3 de outubro de 2025, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 01/2026. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 01/26) por importe de 2.319.560,48 € e outro de suplementos de créditos (SUP.01/26) por importe de 11.005.135,74 € e a modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente (corresponde á anualidade 2026 das achegas de fondos propios de proxectos cofinanciados), financiándose unha parte dos Créditos Extraordinarios con baixas por anulación das aplicacións que ceden o seu crédito para que se xestionen coas novas previsións nos correspondentes Centros Xestores e o resto máis os Suplementos de Crédito con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.



Resultando que esta Intervención emite informe de data 16 de febreiro de 2026, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 01/2026.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 01/2026 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 01/26) por importe de 2.319.560,48 euros e outro de suplementos de créditos (SUP. 01/26) por importe de 11.005.135,74 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1.- Créditos Extraordinarios “EXT. 01/26”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232.3420.212.00	REPARA., M. CONSERV. EDIFICIOS E O CONSTR. INST. DEPORTIVAS _C. P. FELIPE	15.000,00 €
240.2410.470.02	A EMPRESAS_FOMENTO DE EMPREGO (Feira Internacional da Industria do Naval "NAVALIA")	10.000,00 €
330.3340.227.99	TRABALLOS R. O. EMPRESAS, OUTROS_CULTURA (Visitas guiadas Cine Fraga - Vigo)	23.000,00 €
340.3420.789.01	ACHEGAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NON MUNICIPAIS _DEPORTES (Bases subvencións)	1.800.000,00 €
433.3361.762.52	A CONCELLOS - XACEMENTOS, CONV. CONCELLO DE SANXENXO (Recuperación patrimonial do xacemento da Lanzada)	415.560,48 €



922.3340.223.00	TRANSPORTES _CONTRATACIÓN (Traslado pezas Cine Fraga - Vigo, Conv. Xunta de Galicia)	16.000,00 €
922.3340.202.00	ARRENDAMENTOS DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN_ CONTRATACIÓN (Conv. Xunta: Alquiler nave para almacenar pezas do Cine Fraga - Vigo)	40.000,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	2.319.560,48 €

Financiamento do expediente Créditos Extraordinarios “EXT. 01/26”:

A) Parte dos Créditos Extraordinarios correspondentes ao cambio do terceiro que recibira a subvención para Feira Internacional da Industria do Naval "NAVALIA" finánciase con baixas na aplicación 240.2410.489.06 por importe de 10.000,00 euros e o plan destinado a “ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NON MUNICIPAIS – DEPORTES” finánciase con baixas na aplicación 942.3420.789.01 polo importe total de 1.800.000,00 euros, cambiándose do Centro Xestor Cooperación a Deportes.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240.2410.489.06	OUTRAS TRANSFERENCIAS _FOMENTO DE EMPREGO	-10.000,00 €
942.3420.789.01	ACHEGAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NON MUNICIPAIS _COOPERACIÓN	-1.800.000,00 €
	TOTAL...	-1.810.000,00 €

B) O resto dos Créditos Extraordinarios finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,00	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...	509.560,48 €



2.- Suplementos de Créditos “SUP. 01/26”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231.2311.227.07	PROXECTOS E PROGRAMAS DE BENESTAR SOCIAL _BENESTAR SOCIAL (Servizo de Teleasistencia Programa Provincia Activa)	100.000,00 €
231.2313.480.02	ATENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL _BENESTAR SOCIAL (Achegas a Entidades, detalle Anexo II das bases de execución)	79.000,00 €
232.2312.204.00	ARRENDAMENTO DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE _C. P. FELIPE (Arrendamento vehículo)	10.000,00 €
232.3420.623.01	EQUIPAMENTOS E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS _C. P. FELIPE	9.000,00 €
232.3420.632.03	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUC. -MELLORAS I. DEPORTIVAS _C. P. FELIPE	9.000,00 €
330.3340.489.05	OUTRAS TRANSFERENCIAS PARA ACTIVIDADES CULTURAI _CULTURA (Achegas a Entidades, detalle Anexo II das bases de execución)	80.000,00 €
333.3340.231.00	REPARACIÓNS, MANTEMENTO DE MAQUINARIA, INSTALACIÓNS _ MUSEO (Caldeiras para climatización do edificio Castelao)	40.000,00 €
333.3330.632.03	MELLORA EN EDIFICIOS E CONSTRUCIÓNS _ MUSEO (Prox. 2022068178 obra Convento Sta. Clara, "Sondaxes, escavacións arqueolóxicas e outros: 180.000€, Obras de rehabilitación: 10.000.000,00€")	10.180.000,00 €
333.3330.632.03	MELLORA EN EDIFICIOS E CONSTRUCIÓNS _ MUSEO (Prox. 2022068830 obras de Consolidación, Rest. e Interconexión Edificios centrais, "A. Técnica para adaptar o proxecto polo arquitecto redactor de acordo co informe da Delegación T. de Patrimonio da Xunta de Galicia")	20.000,00 €
333.3300.633.01	MELLORA EN MAQUINARIA _ MUSEO (Substitución compresor e maquinaria para "cámara de anoxia" do Museo)	70.000,00 €
340.3410.227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS _DEPORTES (A. Técnica para xestionar proxecto Erasmus Deporte)	7.135,74 €
340.3410.489.02	OUTRAS TRANSFERENCIAS "CONVENIOS" _DEPORTES (Achegas a entidades detalle Anexo II das bases de execución)	25.000,00 €
410.4120.623.01	MAQUINARIA INSTALACIÓNS E UTILLAXE - ADQUISICIÓNS _MEDIO AMBIENTE (Capotaxe laboratorio e cerramento ventilado sala de moenda _ Mouriscade)	72.000,00 €
410.4190.489.01	OUTRAS TRANSFERENCIAS VARIAS _MEDIO AMBIENTE (Achegas a Asociación, detalle Anexo II das bases de execución)	3.000,00 €



433.4320.226.20	GASTOS DE PROMOCIÓN _ TURISMO (“La vuelta ciclista a España” feminina)	75.000,00 €
433.4320.462.04	SUBVENCIONS A E. LOCAIS (FESTAS) _TURISMO	75.000,00 €
433.4320.489.01	TRANSFERENCIAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, VARIAS; TURISMO (Achegas a entidades detalle Anexo II das bases de execución)	42.000,00 €
433.4320.487.01	TRANSFERENCIAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, PARA EVENTOS SINGULARES DE INTERESE TURÍSTICO _TURISMO (Achegas a entidades detalle Anexo II das bases de execución)	6.000,00 €
457.4500.632.03	EDIFICIOS E OU. CONSTRUCIONS MELLORAS PATRIMONIO _ ARQUITECTURA (Rehabilitación Casa de Combarro)	60.000,00 €
922.9200.220.01	MATERIAL DE OFICINA PRENSA, REVISTAS, LIBROS E OUTROS _ CONTRATACIÓN (Bases de Datos documental de Contratación Pública Intelixente de "Tendidos Technologies S.L.")	18.000,00 €
922.9330.224.01	SEGUROS DE EDIFICIOS, LOCAIS E DE RESPONSABILIDADE_ CONTRATACIÓN	25.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	11.005.135,74 €

O expediente finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Créditos.	11.005.135,74 €
	TOTAL...	11.005.135,74 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	11.005.135,74 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	2.319.560,48 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-1.810.000,00 €
USO REMANENTE L. TESOURERÍA PARA G. XERAIS...	11.514.696,22 €

O resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS	
Capítulo 1º Impostos directo.	0,00 €



Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	11.514.696,22 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	11.514.696,22 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	11.514.696,22 €
ORZAMENTO DE GASTOS.	
Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	329.135,74 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	350.000,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	10.420.000,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	415.560,48 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	11.514.696,22 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	11.514.696,22 €

3.- Modificación do Anexo II das bases de execución, modificando as subvencións nominativas seguintes:

231- BENESTAR SOCIAL

APLICACIÓN /CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
231.2313.480.02	A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL _BENESTAR SOCIAL	1.272.000,00 €	
G-36697324	ASOC. SÍNDROME DE DOWN DE PONTEVEDRA-VIGO	15.000,00 €	Autonomía para a vida: programa de autonomía persoal, habilidades sociais e coñecemento do entorno
G-36368488	ASOC. DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER MORRAZO (AFAMO)	24.000,00 €	Atención integral a persoas afectadas de alzheimer e outras



			demencias neurodexenerativas
G-36846152	ARELA ASOCIACIÓN	13.000,00 €	Atención individualizada para nenos, nenos e adolescentes residentes nas casas de familia arela de Vigo
G-15068091	Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG)	15.000,00 €	Mediación para a comunicación e o fomento da autonomía persoal de persoas xordas en situación de especial vulnerabilidade social
G-36116879	Asociación Cultural O Castro de Baión	10.000,00 €	Intervención socio-sanitaria ás persoas maiores da Asociación Cultural O CASTRO

330-CULTURA

APLICACIÓN /CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
330.3340.489.05	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES CULTURAIS CULTURA	1.494.501,00 €	
G-36030989	Sociedad Musical de Muimenta	10.000,00 €	150º Aniversario da agrupación
G-94081155	Asoc. Cultural Banda de Gaitas do Concello de Forcarei	15.000,00 €	Camiños Atlánticos (De Pontevedra a México)
G-36518108	Asoc. Cultural Mariñoleira	15.000,00 €	Participación da Banda de Música Municipal de Caldas de Reis no Certame Mundial de Bandas en Kerkrade (Holanda)
G-36027928	Asoc. Agrupación Musical do Rosal	15.000,00 €	Participación da Banda de Música no Certame Mundial de Bandas en Kerkrade (Holanda)
G-94114881	Asoc. Cultural Acordeonistas Estradenses	7.000,00 €	V festival de acordeóns música no camiño
G-36141018	Ateneo de Pontevedra	6.000,00 €	Actividades 2026: Ciclos varios



G-36285211	Sociedad Filatélica e Numismática Guardesa	7.000,00 €	FILATEM 2026
G-94180734	ASOCIACIÓN CULTURAL BELLE EPOQUE CUNTIS	5.000,00 €	XII Festa da Belle Epoque en Cuntis

340-DEPORTES

APLICACIÓN /CIF	BENEFICIARIO/FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
340.3410.489.02	OUTRAS TRANSFERENCIAS, "CONVENIOS"	1.438.000,00 €	
G-36039915	Club de Remo Chapela	35.000,00 €	Convenio colaboración co Club para participar na competición oficial Euskolabel Liga

433-TURISMO

APLICACIÓN /CIF	BENEFICIARIO/FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
433.4320.489.01	TRANSFERENCIAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, VARIAS; TURISMO	398.600,00 €	
G-85041861	Confederación Española/Asociación Galega de Axencias de Viaxes	15.000 €	“Cumbre Hispano Lusa de axencias de viaxes na provincia de Pontevedra”
G-36433712	Fundación Rogelio Groba	15.000 €	“Festival Groba”
433.4320.487.01	TRANSFERENCIAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, PARA EVENTOS SINGULARES DE INTERES TURÍSTICO _TURISMO	23.000 €	
G-36017143	Asociación de veciños O Castro de Santa María de Mourente	6.000 €	“Festa do Caldo”

410-MEDIO AMBIENTE

APLICACIÓN /CIF	BENEFICIARIO/FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
410.4190.489.01	OUTRAS TRANSFERENCIAS VARIAS _MEDIO AMBIENTE	216.000,00 €	
G-15870223	Asociación Cultural Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura das Rías Galegas	3.000 €	XXVIII Edición do Foro Acui



Onde se establecía:

231-BENESTAR SOCIAL

APLICACIÓN /CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO INICIAL	Obxecto e finalidade
231.2313.480.02	A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL _BENESTAR SOCIAL	1.193.000,00 €	
G-36776920	ASOC. DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA - (AFAGA)	22.000 €	Servizo de atención integral á contorna familiar e convivencial de persoas con demencia

240-FOMENTO DE EMPREGO

APLICACIÓN /CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO INICIAL	Obxecto e finalidade
240.2410.489.06	OUTRAS TRANSFERENCIAS	25.000,00 €	
G-15710338	ASOC. CLUSTER DEL NAVAL GALLEGO	10.000 €	Financiar actuacións no marco da celebración da Feira internacional da industria naval (NAVALIA), que está consolidada como a primeira de España e a terceira de Europa do sector, para contribuír a posicionar ás empresas da provincia no mercado global e ao seu desenvolvemento económico coas consecuencias positivas para a poboación da provincia en termos de emprego.

340-DEPORTES

APLICACIÓN /CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO INICIAL	Obxecto e finalidade
340.3410.489.07	OUTRAS TRANSFERENCIAS, "A PERSONAS E C. VECIÑOS	120.000,00 €	
G-15055890	REAL FEDERACIÓN GALLEGA DE FÚTBOL	120.000 €	Copa Deputación
340.3410.489.02	OUTRAS TRANSFERENCIAS, "CONVENIOS"	1.413.000,00 €	



G-36213916	MARÍN FUTSAL	45.000 €	Convenio de colaboración co Marín Futsal para participación na primeira división fútbol sala
G-27820000	Máster de Louriña	35.000 €	Convenio de colaboración co Club ciclista Máster da Louriña para participación na copa de España Máster
G-94146743	CLUB BÁDMINTON RAVACHOL PONTEVEDRA	15.000 €	Convenio de colaboración co Club Bádminton Ravachol Pontevedra para participación na división de honor
Q-82550031	FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE AUTOMOVILISMO EN CARVALLINO	20.000 €	Convenio de colaboración coa Federación Deportiva Galega de Automovilismo para o desenvolvemento do programa "Mais Talento Motor"
G-15117385	FEDERACIÓN GALEGA DE REMO	35.000 €	Convenio de colaboración coa Federación Galega de Remo para desenvolvemento das escolas deportivas provinciais "O Noso Club"

433-TURISMO

APLICACIÓN/ CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO INICIAL	Obxecto e finalidade
433.4320.489.01	TRANSFERENCIAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, VARIAS; TURISMO	353.600,00 €	
G-70377338	ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA	8.000 €	PROMOCIÓN TURISMO DA PROVINCIA, "Proxecto Clúster"

Modifícase polo seguinte:



231- BENESTAR SOCIAL

APLICACIÓN /CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
231.2313.480.02	A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL _BENESTAR SOCIAL	1.272.000,00 €	
G-36776920	ASOC. DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA - (AFAGA)	24.000 €	Servizo de atención integral á contorna familiar e convivencial de persoas con demencia

240 -FOMENTO DE EMPREGO

APLICACIÓN /CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
240.2410.479.02	A EMPRESAS_FOMENTO DE EMPREGO	10.000,00 €	
B-36942241	MUÉSTRALO, ORGANIZACIÓN EVENTOS FERIALES S.L.	10.000 €	Financiar actuacións no marco da celebración da Feira Internacional da Industria Naval (NAVALIA), que está consolidada como a primeira de España e a terceira de Europa do sector, para contribuír a posicionar ás empresas da provincia no mercado global e ao seu desenvolvemento económico coas consecuencias positivas para a poboación da provincia en termos de emprego

340-DEPORTES

APLICACIÓN /CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
340.341.048.907	OUTRAS TRANSFERENCIAS, "A PERSONAS E C. VECIÑOS	120.000,00 €	
G-15055890	REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL	0 €	Copa Deputación
340.3410.489.02	OUTRAS TRANSFERENCIAS, "CONVENIOS"	1.438.000,00 €	



G-36213916	MARÍN FUTSAL	0 €	Convenio de colaboración co Marín Futsal para participación na Primeira división fútbol sala
G-27820000	Máster de Louriña	40.000 €	Convenio colaboración co Club Ciclista Máster da Louriña para participación na Copa de España Élite-Sub23.
G-94146743	CLUB BÁDMINTON RAVACHOL PONTEVEDRA	18.000 €	Convenio de colaboración co Club Bádminton Ravachol Pontevedra para participación na división de honor.
Q-82550031	FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE AUTOMOVILISMO	32.000 €	Convenio de colaboración coa Federación Deportiva Galega de Automovilismo para o desenvolvemento do programa “Mais Talento Motor”
G-15117385	FEDERACIÓN GALEGA DE REMO	50.000 €	Convenio de colaboración coa Federación Galega de Remo para desenvolvemento das escolas deportivas provinciais “O Noso Club”

433 TURISMO

APLICACIÓN /CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
433.4320.489.01	TRANSFERENCIAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, VARIAS; TURISMO	398.600,00 €	
G-70377338	ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA	20.000 €	Promoción turismo da provincia, "Proxecto Clúster"

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 01/2026 que inclúe créditos extraordinarios (EXT. 01/26) por importe de 2.319.560,48 euros, suplementos de créditos (SUP.01/26) por importe de 11.005.135,74



euros, máis as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 01/2026, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

5.8589.- **PRÓRROGA DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (EXPTES. 2024066520-2026009175)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/hrA8NjCkq2pPSfBIXvacCEVBwzrbtXB1N4IdUFAbGkp41ZlJ>

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión extraordinaria do 18 de outubro do 2024, aprobou, mediante o acordo núm. 3.8273, as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 206, de 22 de outubro de 2024.

As subvencións outorgáronse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e



que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local.

Na cláusula 19.^a das bases reguladoras establécese que as actuacións deben estar executadas e xustificadas na súa totalidade o 30 de abril de 2026. Non obstante, na data de hoxe, os concellos presentaron solicitudes de prórroga ante a previsible imposibilidade de cumprir con este prazo.

Debido ás incidencias expostas, considérase a posibilidade legal de estender o prazo de execución e, consecuentemente, tamén o de xustificación, co fin de garantir que estas entidades dispoñan do tempo suficiente para xestionar a realización das actuacións subvencionadas, cumprindo coas cautelas impostas pola normativa vixente, xa que as novas circunstancias implican un horizonte temporal máis longo do que se puido prever na concesión inicial.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO. Conforme se establece na cláusula 2.^a das bases reguladoras do II PEID, as axudas que se arbitren a favor dos concellos rexeranse polo recollido nas propias bases. Con todo, para o non previsto nelas aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, (RLXS); a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG) e as disposicións que a desenvolvan; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra; as Bases de execución do orzamento provincial; e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

No artigo 70 do RLXS (de aplicación supletoria) establécese que, salvo precepto en contrario nas bases reguladoras, o órgano concedente da subvención poderá acordar unha ampliación do prazo de presentación da xustificación que non exceda da metade deste.

Neste sentido, na base 19.^a das reguladoras recóllese expresamente a posibilidade de prorrogar o prazo de execución dos investimentos ata un máximo de seis (6) meses por circunstancias debidamente motivadas.



Segundo queda recollido no expediente, os motivos que aconsellan esta ampliación son, entre outros, os atrasos na obtención de licenzas ou permisos necesarios para executar as actuacións e as dilacións nos procedementos de contratación, ao que hai que engadirle a paralización dos traballos de execución debido ás condicións climáticas adversas dos últimos meses.

Considerando o exposto, poderíase ampliar o prazo de execución dos investimentos acollidos no II PEID ata o 31 de outubro de 2026 e o prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2027.

SEGUNDO. En todo expediente de contido económico conflúen dous tipos de normas: de legalidade substantiva e de legalidade financeira, aplicables ás diferentes actuacións da Administración.

Desde o punto de vista xurídico, establécese que todos os actos deben ser sempre adoptados polo órgano competente. Desde o punto de vista económico, como se recolle no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o órgano competente deberá adoptar os actos de autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento no momento oportuno do procedemento.

A execución dos acordos de concesión e o libramento do crédito implica que previamente as actuacións subvencionadas deben estar rematadas na súa totalidade e xustificadas. Na conxuntura actual, isto non será posible se os créditos comprometidos na anualidade 2024 non se incorporan ao exercicio orzamentario 2026 e non se estende, polo tanto, a súa vixencia.

TERCEIRO. O procedemento de concesión das subvencións no marco do II PEID foi o de concorrencia non competitiva, ao abeiro do recollido nas propias bases reguladoras e segundo o disposto no artigo 22 da LXS.

Nun procedemento de concesión de subvencións por concorrencia non competitiva, as solicitudes non requiren dunha valoración comparativa con outras propostas. Como queda acreditado no expediente, a repartición dos incentivos económicos no II PEID prodúcese con base nunha distribución aprobada polo Pleno de acordo cos criterios que se estipulan na base 6.^a das



reguladoras, sempre e cando os concellos beneficiarios e as solicitudes presentadas cumpran as condicións establecidas.

En consecuencia, a ampliación dos prazos non lle afecta á asignación do crédito entre os beneficiarios, non produce indefensión, non prexudica dereitos de terceiras persoas nin vulnera o principio de igualdade recollido no artigo 8 da LXS, posto que todos os concellos da provincia se benefician por igual da prórroga e da cooperación administrativa da Deputación.

CUARTO. Segundo a base 3.^a das reguladoras do II PEID, o órgano competente para aprobar estas bases foi o Pleno da Deputación, polo tanto será o mesmo órgano o competente para autorizar a ampliación do prazo de execución e xustificación dos investimentos acollidos neste plan.

Visto todo o anterior, considérase que, ao cumprirse o recollido en puntos anteriores, debería permitirse a aplicación dos créditos comprometidos ata que se cumpran as actuacións subvencionadas, sen exceder, en todo caso, o prazo de execución do 31 de outubro de 2026 e o de xustificación do 31 de marzo de 2027, dado que o aconsellan as circunstancias e non se prexudican dereitos de terceiras persoas.

Á vista dos antecedentes e consideracións expostas; con base na documentación relativa ao citado plan que obra no expediente e de acordo cos informes do Xefe do Servizo de Cooperación, de 3 de febreiro de 2026; do Secretario Xeral, de 4 de febreiro de 2026; e da Intervención provincial, de 9 de febreiro de 2026, no que se lles presta conformidade á proposta do Servizo de Cooperación; e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, de 20 de febreiro de 2026; de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 70 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

1.º. Prorrogar o prazo de execución dos investimentos acollidos no II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas ata o 31 de outubro de 2026.



2.º. Prorrogar o prazo de xustificación dos investimentos acollidos no II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas ata o 31 de marzo de 2027.

3.º. Ordenar a publicación destas prórrogas no BOPPO, na Base de Datos Nacional de Subvencións e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

6.8590.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “RECOLLIDA RSU NO CONCELLO DE RIBADUMIA” PRESENTADO POLO CONCELLO DE RIBADUMIA AO ABEIRO DO PROGRAMA PON 2030 E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO Nº 4.8011, DE 23/06/2023, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (EXPTES. 2023030703-2026009176)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/a3jCGCoGRBTzDttoapAj9RIEjsf0uu9r5BIA5puyFHTrJpTC>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023, mediante o acordo núm. 4.8011, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Ribadumia con destino á execución da actuación denominada “Recollida de RSU no Concello de Ribadumia”, ao abeiro do Programa PON2030. O custo total da actuación ascendía a 453.113,54€ e a subvención concedida a 202.724,24 €, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 250.389,30€.



- Mediante a Resolución Presidencial núm. RP2023008031 de 26/10/2023 aprobouse o correspondente Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ribadumia, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 20/12/2023.
- Na data 06/02/2026, o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2026007932), entre outros documentos, unha memoria reformulada e a súa aprobación, un informe xustificativo dos cambios e un certificado do compromiso do financiamento. Os cambios introducidos na memoria non son substanciais e débense a un desaxuste dos prezos así como a correccións técnicas, sen que isto supoña alteración dos obxectivos, alcance ou finalidade da memoria. O importe do orzamento da actuación aumenta en 40.698,35€ (un incremento do 8,98%) ata o importe de 493.811,89€. Segundo o establecido na cláusula quinta do convenio, ao non poder afectar a modificación ao importe máximo da achega da Deputación, o incremento do orzamento deberá financiarse polo concello, cos seus fondos propios ou con outro tipo de axudas que poida obter. Neste caso, o concello presentou un certificado no que se compromete a facerse cargo da achega, por importe de 291.087,65€.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 06/09/2026 (CSV: 5PCGZRY8BQAGFLL0).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa PON2030 na data 09/02/2026, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non afectan aos obxectivos propostos da Axenda 2030, nin o cumprimento das políticas panca consideradas na memoria do proxecto orixinal, nin aos principios Ágora, manténdose a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O día 09/02/2026 o Xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: PVI8X4YQW2YO2866).
- Na data 13/02/2026 o Enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a



Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria (CSV: HN9DSZ42U0KCGSF1).

- O día 13/02/2026 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: IY4PQMY4UNR67YXA).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 20/02/2026 (CSV: 0HYQCN1LDR6OFVD6).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do Orzamento da Deputación para o vixente exercicio.



- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.
- Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Ribadumia para a execución da actuación denominada “Recollida de RSU no Concello de Ribadumia” ao abeiro do Programa PON2030.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó Xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e



cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstos nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base 17ª das reguladoras do Programa PON2030, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a devandita Base, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.
- Cláusula 5ª do convenio, pola que o concello deberá remitir á Deputación a solicitude xustificada da modificación do convenio de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación suficiente á finalización do prazo de execución concedido. Unha vez autorizada e aprobada a modificación por ambas partes, firmárase a correspondente addenda. A modificación non poderá afectar en ningún caso ao importe máximo da achega da Deputación.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.



CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Ribadumia para a execución da actuación denominada “Recollida de RSU no Concello de Ribadumia”, no marco do Programa PON2030, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe do orzamento da actuación aumenta en 40.698,35 € (un incremento do 8,98%) ata o importe de 493.811,89 €. Segundo o establecido na cláusula quinta do convenio, ao non poder afectar a modificación ao importe máximo da achega da Deputación, o incremento do orzamento deberá financiarse polo concello, cos seus fondos propios ou con outro tipo de axudas que poida obter. Neste caso, o concello presentou un certificado no que se compromete a facerse cargo da achega, por importe de 291.087,65 €.

A Comisión de Persoas Expertas do Programa PON2030 pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrència competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico da actuación “Recollida de RSU no Concello de Ribadumia” presentado polo Concello de Ribadumia ao abeiro do Programa PON2030.



- Modificar o acordo plenario nº 4.8011 do 23/06/2023, de concesión de subvención ao Concello de Ribadumia para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PON2030	ACHEGA CONCELLO
493.811,89 €	202.724,24 €	291.087,65 €

Ao aumentar o orzamento do proxecto e o importe da achega municipal, deberá procederse á sinatura da correspondente addenda ao convenio entre ambas administracións na que se modifique a cláusula segunda de Financiamento.

- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Ribadumia, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

7.8591.- **APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO USO DA MARCA “RÍAS BAIXAS FEST PONTEVEDRA PROVINCIA” (EXPTE. 2022061138)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/nffYJOenjYJ02B5tRnlR7jYd1MNTUi uIB860nKLtLEAyFK1n>

ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos a execución, coordinación e impulso de accións de promoción e desenvolvemento do destino Rías Baixas, apostando por unha oferta turística de calidade mediante a unificación, fomento e seguimento da mesma, mesmo nas actuacións de impulso e consolidación de proxectos dirixidos ao turista ou consumidor final.

O Servizo de Turismo Rías Baixas exerce as competencias turísticas delegadas pola Deputación Provincial de Pontevedra co obxectivo de planificar, motivar e dirixir a actividade turística no destino, proporcionando respostas eficaces nun marco de referencia práctico e estratéxico.



No marco do Plan Estratéxico Provincial de Turismo 2021-2023 desenvolveuse o eixo dedicado á promoción e comunicación, que incorporaba a actuación “Promoción Rías Baixas Fest”, orientada ao impulso dun modelo estruturado de xestión do turismo de festivais e á definición dunha estratexia común de promoción e comunicación desta marca, co fin de incrementar a súa notoriedade e aproveitar o potencial de fidelización asociado aos eventos musicais.

A evolución positiva dos últimos anos pon de manifesto a relevante contribución socioeconómica dos festivais de música na provincia de Pontevedra, xerando riqueza, emprego e impacto positivo noutros sectores económicos, como o comercio, a hostalaría, o transporte e o turismo. Neste contexto, a Deputación elaborou o Plan de Xestión do Turismo de Festivais da Provincia de Pontevedra, que permite abordar de forma planificada e eficiente as actuacións neste ámbito.

No devandito Plan recóllese expresamente a necesidade de regular a marca «Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia» e o procedemento para autorizar o seu uso por parte das persoas promotoras de festivais de música que se celebren na provincia.

Como consecuencia do anterior, aprobouse a Ordenanza reguladora do uso da marca “Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia”, publicada no BOPPO nº 34, do 17 de febreiro de 2023.

Desde a súa entrada en vigor, accederon ao uso da marca sete festivais, contribuíndo ao posicionamento da provincia de Pontevedra como destino turístico de referencia no ámbito nacional e internacional.

Transcorridos máis de dous anos dende a entrada en vigor da ordenanza, considérase necesario proceder á súa modificación puntual co fin de dar resposta ás seguintes necesidades detectadas na súa aplicación práctica:

- Actualizar a denominación da marca, simplificando o seu uso comunicativo.
- Establecer un manual de identidade corporativa acorde coa nova estratexia.



- Introducir unha cláusula regulada de flexibilidade no ámbito subxectivo.

Estas modificacións inscríbense no marco do Plan Estratéxico de Turismo Rías Baixas 2024-2030, no que o produto de festivais se identifica como estratéxico e consolidado, incluíndo no eixo dedicado á promoción e comunicación a actuación “Establecemento da estratexia Rías Baixas Fest”, orientada á consolidación e expansión dos festivais máis relevantes da provincia.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

NORMATIVA EXAMINADA

A autorización do uso da marca rexerese polas seguintes disposicións legais, os seus desenvolvementos posteriores e polas demais normas de pertinente aplicación:

- Lei 17/2001, de 7 de decembro, de Marcas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Por todo o anterior, o Pleno de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente, acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, aprobar a Modificación da ordenanza reguladora do uso da marca “Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia” que textualmente di:

“ORDENANZA REGULADORA DO USO DA MARCA “RÍAS BAIXAS FEST”



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Deputación de Pontevedra ten entre os seus obxectivos a execución, coordinación e impulso de accións de promoción e desenvolvemento do destino Rías Baixas, apostando por unha oferta turística de calidade mediante a unificación, fomento e seguimento da mesma, mesmo nas actuacións de impulso e consolidación de proxectos dirixidos ao turista ou consumidor final, que ao visitar un destino culmina con este complexo e heteroxéneo proceso.

O Servizo de Turismo Rías Baixas exerce as competencias turísticas delegadas pola Deputación Provincial de Pontevedra co obxectivo de planificar, motivar e dirixir a actividade turística no destino, proporcionando respostas eficaces nun marco de referencia práctico e estratéxico.

No marco do Plan Estratéxico Provincial de Turismo 2021-2023 desenvolveuse o eixo dedicado á promoción e comunicación, que incorporaba a actuación “Promoción Rías Baixas Fest”, orientada ao impulso dun modelo estruturado de xestión do turismo de festivais e á definición dunha estratexia común de promoción e comunicación desta marca, co fin de incrementar a súa notoriedade e aproveitar o potencial de fidelización asociado aos eventos musicais.

A evolución positiva dos últimos anos pon en evidencia a contribución socioeconómica dos festivais de música na provincia de Pontevedra, xerando riqueza, creando emprego e contribuíndo ao crecemento doutros sectores económicos da zona, como son o comercio, a hostalaría, o transporte ou o turismo. Por todo isto, a Deputación de Pontevedra elaborou o Plan de Xestión de Turismo de Festivais, que permite abordar de modo eficiente e eficaz, baixo un marco estratéxico o conxunto de decisións e actuacións que deben realizarse neste ámbito.

No devandito Plan recóllese expresamente a necesidade de regular a marca «Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia» e o procedemento para autorizar o seu uso por parte das persoas promotoras de festivais de música que se celebren na provincia.



Como consecuencia do anterior, aprobouse a Ordenanza reguladora do uso da marca “Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia”, publicada no BOPPO n° 34, do 17 de febreiro de 2023.

Desde a súa entrada en vigor, accederon ao uso da marca sete festivais, contribuíndo ao posicionamento da provincia de Pontevedra como destino turístico de referencia no ámbito nacional e internacional.

Transcorridos máis de dous anos dende a entrada en vigor da ordenanza, considérase necesario proceder á súa modificación puntual co fin de dar resposta ás seguintes necesidades detectadas na súa aplicación práctica:

- Actualizar a denominación da marca, simplificando o seu uso comunicativo.
- Establecer un manual de identidade corporativa acorde coa nova estratexia.
- Introducir unha cláusula regulada de flexibilidade no ámbito subxectivo.

Estas modificacións inscríbense no marco do Plan Estratéxico de Turismo Rías Baixas 2024-2030, no que o produto de festivais se identifica como estratéxico e consolidado, incluíndo no eixo dedicado á promoción e comunicación a actuación “Establecemento da estratexia Rías Baixas Fest”, orientada á consolidación e expansión dos festivais máis relevantes da provincia.

A Deputación de Pontevedra é titular da marca “Rías Baixas Fest”, rexistrada co número 4.121.487 pola Oficina Española de Patentes e Marcas, e ostenta o dereito exclusivo a utilizala no tráfico económico durante dez anos, dende a data de concesión, podendo renovarse indefinidamente por períodos ulteriores de dez anos.

A Deputación de Pontevedra ostenta a competencia propia sobre a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, segundo o disposto no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O artigo 55 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de



Réxime Local, establece que as entidades locais poderán aprobar ordenanzas e regulamentos que en ningún caso conterán preceptos opostos ás leis.

Co fin de que a marca “Rías Baixas Fest” poida ser utilizada en réxime de igualdade, publicidade e non discriminación por parte da cidadanía, resulta necesaria a regulación das súas condicións de uso e o réxime de autorización.

A ordenanza é unha norma necesaria e adecuada para regular o réxime de autorización do uso da marca “Rías Baixas Fest” e contén a regulación imprescindible para atender as necesidades a cubrir, non existindo outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan á cidadanía menos obrigas que permitan acadar os fins perseguidos.

A fin de garantir o principio de seguridade xurídica, a iniciativa normativa exerceuse de xeito coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea, e o regulamento respecta o disposto nas normas de rango superior.

En cumprimento do principio de transparencia, en cumprimento co establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, con carácter previo á elaboración do regulamento iniciouse un procedemento de consulta pública a través do portal web da Deputación de Pontevedra. Durante o período de consulta non se recibiron propostas nin suxestións.

A norma, unha vez aprobada segundo o procedemento contido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, publicárase no apartado “transparencia” da páxina web da Institución provincial.

Estas medidas posibilitan o acceso sinxelo, universal e actualizado á normativa en vigor e aos documentos propios do seu proceso de elaboración e posibilitan que a cidadanía teña unha participación activa no proceso de elaboración da norma.

En aplicación do principio de eficiencia, a iniciativa normativa evita cargas administrativas innecesarias ou accesorias para as persoas usuarias e racionaliza, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.



TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. OBXECTO

A presente ordenanza ten por obxecto fixar as condicións de acceso ao uso da marca RÍAS BAIXAS FEST (en adiante, “a marca”), que se expresa a través do elemento figurativo reproducido no Anexo.

A marca constitúe unha ferramenta para impulsar o crecemento dos festivais de música na provincia de Pontevedra e posicionar a provincia de Pontevedra como un destino turístico de referencia no ámbito nacional e internacional.

ARTIGO 2. TITULARIDADE E ADMINISTRACIÓN DA MARCA

A Deputación Provincial de Pontevedra é a titular da marca “Rías Baixas Fest”, tendo a facultade de xestionar e administrar a marca durante o tempo de vixencia do título de rexistro correspondente, de conformidade coa normativa aplicable en materia de marcas.

ARTIGO 3. RÉXIME XURÍDICO

A autorización do uso da marca rexerese pola presente ordenanza e polas seguintes disposicións legais, os seus desenvolvementos posteriores e polas demais normas de pertinente aplicación:

- Lei 17/2001, de 7 de decembro, de Marcas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

ARTIGO 4. ÁMBITO SUBXECTIVO

Poderán solicitar o uso da marca as persoas xurídicas ou empresarios individuais que promovan festivais de música que se celebren na provincia de



Pontevedra, para identificar os ditos festivais, sempre que estes cumpran as seguintes condicións:

- Edicións anuais mínimas celebradas na provincia de Pontevedra: un mínimo de catro edicións nos últimos oito anos.
- Duración mínima do festival na última edición: dous días consecutivos.
- Persoas artistas programadas: un mínimo de dez artistas en cada edición.
- Cifra mínima de asistentes da última edición do festival: 2.500 asistentes (suma de asistentes durante todos os días de celebración).
- Venda de entradas: como mínimo, o 95 % do público asistente da última edición debe corresponder a entradas postas á venda ao público en xeral, conforme a prezos de mercado.
- Orzamento mínimo global da última edición do festival: 100.000 €. Enténdese por orzamento global o custe total da organización e promoción do festival.
- Impacto en redes sociais: cifra mínima de 15.000 seguidores entre tres canais (Facebook, Instagram e Twitter, preferiblemente, ou outras redes sociais de tendencia no momento da solicitude).
- Estratexia de desenvolvemento sustentable: desenvolvemento, durante a última edición do festival, de dúas accións, como mínimo, que procuren os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) da Axenda 2030 aprobada pola ONU no ano 2015. Un dos obxectivos deberá ser, obrigatoriamente, o ODS 5, referido á igualdade de xénero.
- Ter obtido a licenza municipal preceptiva para a celebración do festival.

No caso de que se adopten medidas administrativas xerais derivadas dunha crise sanitaria ou circunstancias similares de forza maior que impliquen restricións sobre a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público ou que limiten a celebración de espectáculos públicos, os requisitos para obter a autorización referidos á última edición entenderanse referidos á última edición celebrada en condicións de normalidade.

Excepcionalmente, e sen carácter xeral, as condicións anteriormente sinaladas poderán ser obxecto de modificación ou excepción cando se xustifique debidamente que o evento presenta singularidades, características diferenciadoras ou un interese estratéxico especial para a promoción turística da provincia de Pontevedra.



A aplicación destas excepcións deberá ser proposta polo Servizo de Turismo, logo da emisión dun informe técnico preceptivo e motivado, no que se valorará a singularidade do evento, a súa contribución aos obxectivos de promoción turística da provincia de Pontevedra e a súa coherencia coa estratexia da marca “Rías Baixas Fest”.

A resolución sobre a procedencia da excepción corresponderá ao órgano competente da Deputación Provincial de Pontevedra, de acordo coa normativa aplicable, sen que en ningún caso poida supoñer a alteración da finalidade da marca, nin a desnaturalización do seu carácter estratéxico, nin a vulneración dos principios de igualdade, publicidade e non discriminación.

A autorización do uso da marca que, no seu caso, se conceda ao abeiro deste artigo non comportará por si soa dereito automático nin incondicionado a financiamento, subvención ou achega económica, quedando en todo caso a eventual concesión de apoio económico, patrocinio ou colaboración institucional suxeita aos procedementos, instrumentos xurídicos e decisións que resulten aplicables conforme á normativa vixente.

ARTIGO 5. EVENTOS SUSCEPTIBLES DE UTILIZAR A MARCA

A marca poderá ser utilizada para identificar os festivais musicais celebrados na provincia de Pontevedra para os que se outorgue a correspondente autorización.

TÍTULO II PROCEDEMENTO DE AUTORIZACIÓN

ARTIGO 6. LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 3 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

ARTIGO 7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto todo o ano.

ARTIGO 8. COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- NIF da persoa solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- Certificación de alta en actividades económicas (IAE).
- Certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e fronte á Seguridade Social.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no apartado correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

ARTIGO 9. DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A AUTORIZACIÓN DO USO DA MARCA

Xunto coa solicitude, a persoa solicitante deberá achegar a seguinte documentación:



— Memoria explicativa do festival, que recollerá como mínimo a seguinte información:

- Antecedentes, traxectoria e outros aspectos que considere relevantes do festival.
- Datas e lugares de celebración das últimas catro edicións do festival, como mínimo.
- Programación de cada unha das catro últimas edicións do festival, como mínimo.
- Descrición do recinto de celebración.
- Número de persoas asistentes a cada unha das catro últimas edicións do festival.
- Número de entradas á venda e aforo en cada unha das catro últimas edicións do festival.
- Orzamento global de gastos e de ingresos da última edición celebrada, desagregado por conceptos diferenciados (por partidas orzamentarias diferenciadas).
- Plan de comunicación e análise de resultados no que se amose o impacto e número actual de seguidores en redes sociais.
- Descrición da estratexia de desenvolvemento sustentable na que se detallan as accións levadas a cabo durante a última edición do festival para a procura dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, debendo ser un deles o ODS 5, referido á igualdade de xénero.

— Copia da licenza municipal para a celebración de cada unha das últimas catro edicións do festival.

ARTIGO 10. NOTIFICACIÓNS

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través de Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>. As notificacións practicaranse a través da “Carpeta



Cidadá” e de “Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHú)”. Ambos sistemas son accesibles desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a esta.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

ARTIGO 11. EMENDA DAS SOLICITUDES E TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E A SÚA EMENDA

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>. A sede electrónica ten a disposición unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda á solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o



que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en:
<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

ARTIGO 12. INSTRUCIÓN DO PROCEDEMENTO

A instrución do procedemento corresponde ao Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra. Recibidas as solicitudes, o órgano instrutor do procedemento realizará de oficio cantas actuacións estime conveniente para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución. En particular, o órgano instrutor verificará se concorren os requisitos esixidos para outorgar a autorización. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto ás persoas interesadas ou, no seu caso, aos seus representantes, que poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes nun prazo de dez días.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas pola persoa interesada.

ARTIGO 13. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

A resolución do procedemento de autorización do uso da marca corresponderá ao órgano competente da Deputación Provincial de Pontevedra, de conformidade coa normativa de aplicación.

Con carácter previo á resolución, o expediente deberá contar cun informe técnico do Servizo de Turismo, no que se valorará o cumprimento dos requisitos establecidos na presente ordenanza e, no seu caso, a procedencia da aplicación do réxime excepcional previsto no artigo 4.

A resolución será motivada e notificarase ás persoas interesadas nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

TÍTULO III PRAZO DE VIXENCIA

ARTIGO 14. PRAZO DE VIXENCIA DA AUTORIZACIÓN



A autorización do uso da marca terá unha vixencia indefinida en tanto se manteñan as condicións e circunstancias nas que se fundamentou e a Deputación de Pontevedra manteña o dereito exclusivo a utilizala no tráfico económico.

Non obstante, para a conservación da autorización a entidade beneficiaria deberá xustificar anualmente o mantemento, esixencias para a súa autorización; a estes efectos, deberá realizar o trámite previsto no artigo seguinte.

ARTIGO 15. TRÁMITE PARA A CONSERVACIÓN DA AUTORIZACIÓN

Para a conservación da autorización as entidades beneficiarias deberán xustificar anualmente o mantemento das condicións e circunstancias en que se baseou a súa concesión a través da presentación dunha declaración que deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 3 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xunto coa declaración, as persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación:

— Memoria explicativa do festival, que recollerá como mínimo a seguinte información:

- Datas e lugares de celebración da última edición celebrada.
- Programación da última edición celebrada.
- Descrición do recinto de celebración.
- Número de persoas asistentes á última edición celebrada.
- Número de entradas á venda e aforo na última edición celebrada.
- Orzamento global de gastos e de ingresos da última edición celebrada, desagregado por conceptos diferenciados (por partidas orzamentarias diferenciadas).



- Plan de comunicación e análise de resultados no que se amose o impacto e número actual de seguidores en redes sociais.
- Descrición da estratexia de desenvolvemento sustentable na que se detallan as accións levadas a cabo durante a última edición do festival para a procura dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, debendo ser un deles a igualdade de xénero.

— Copia da licenza municipal para a celebración da última edición do festival.

Para a tramitación deste trámite consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- NIF da persoa solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- Certificación de alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE).
- Certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e fronte á Seguridade Social.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no apartado correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

As persoas interesadas deberán realizar este trámite no prazo mínimo de tres meses antes do cumprimento de cada anualidade de vixencia da adhesión. A non realización do trámite dará lugar á suspensión automática da adhesión, así como ao inicio do procedemento de resolución. A suspensión levantarase pola aportación da documentación, se aínda non se comunicara á persoa interesada o inicio do procedemento de resolución.

Á vista da documentación, o órgano instrutor do procedemento emitirá un informe sobre o mantemento da vixencia da adhesión que elevará ao órgano competente para resolver.

TÍTULO IV CONDICIÓN DE USO

ARTIGO 16. USO DA MARCA



A marca soamente poderá ser utilizada polas persoas autorizadas nas condicións e forma específicas que se sinalen na resolución de autorización e para os produtos e eventos concretamente autorizados.

A persoa autorizada en ningún caso poderá sublicenciar nin ceder os dereitos que se deriven da autorización.

ARTIGO 17. PROHIBICIÓN DE REXISTRO

As persoas autorizadas para utilizar a marca non poderán solicitar a inscrición, en ningún país, dun signo idéntico ou semellante ou que, de calquera forma poida inducir a erro, confusión ou aproveitamento da reputación desta marca.

ARTIGO 18. UTILIZACIÓN DA MARCA

A marca non poderá ser utilizada de forma que prexudique á imaxe dos produtos para os que se outorgue a autorización ou á Deputación de Pontevedra.

ARTIGO 19. VANTAXES DA AUTORIZACIÓN DO USO DA MARCA

A autorización do uso da marca “Rías Baixas Fest” permitirá ás persoas ou entidades autorizadas beneficiarse das seguintes vantaxes, nos termos e condicións que en cada caso determine a Deputación Provincial de Pontevedra e de acordo coa normativa aplicable:

- a) A utilización da marca “Rías Baixas Fest” como distintivo oficial do festival, de acordo co establecido na presente ordenanza e no correspondente manual de identidade corporativa.
- b) A integración do festival nas accións de promoción, comunicación e posicionamento do destino turístico Rías Baixas desenvolvidas pola Deputación Provincial de Pontevedra, tanto en soportes propios como en campañas e actuacións institucionais.
- c) A participación, cando proceda, en accións conxuntas de promoción, estratexia de marca, visibilidade institucional e proxección exterior, no marco do Plan Estratéxico de Turismo Rías Baixas vixente.
- d) A eventual formalización de acordos de patrocinio, colaboración ou apoio institucional, de conformidade coa normativa aplicable e cos



criterios e procedementos que, en cada caso, resulten de aplicación, sen que a autorización do uso da marca implique por si soa dereito automático algún á súa concesión.

ARTIGO 20. OBRIGAS

As persoas autorizadas para o uso da marca comprométense a cumprir as seguintes obrigas:

- Manter os requisitos para o outorgamento de autorización de uso da marca.
- Non facer un uso indebido da marca.
- Non ceder a marca nin autorizar o seu uso a terceiros.
- Cumprir co establecido no manual de identidade corporativa de uso da marca.
- Comunicar á Deputación de Pontevedra calquera modificación que se produza nas condicións que deron lugar á autorización do uso da marca.
- Cumprir a normativa urbanística, medioambiental, sanitarias ou de calquera outra índole que resulte de aplicación no ámbito material e territorial da actividade para a que solicite autorización de uso da marca.
- Obter cantas licenzas e autorizacións sexan necesarias para a celebración da actividade na que se utilizará a marca.
- Participar nas accións de promoción e comunicación organizadas pola Deputación de Pontevedra vinculadas aos festivais celebrados na provincia de Pontevedra.
- Empregar unha linguaxe oral, escrita e iconográfica exenta de sexismo en toda a documentación, imaxe ou material que se xere para o público así coma na divulgación dos festivais.

ARTIGO 21. CONTROL E INSPECCIÓN

A Deputación de Pontevedra poderá efectuar, por si mesma ou a través das persoas que designe, cantas actuacións estime necesarias para a comprobación do adecuado uso da marca.

ARTIGO 22. REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN

O incumprimento das obrigas por parte da persoa autorizada dará lugar á revogación do dereito de uso da marca, tras a tramitación do correspondente procedemento contradictorio e, en consecuencia, da perda de dereitos derivados da pertenza á mesma.



En caso de revogación do dereito de uso da marca, a persoa estará obrigada, no prazo de dez días hábiles, a retirar toda alusión ao uso da dita marca nos soportes físicos e online nos que estivese inserida, así como a non utilizar copias ou reproducións da marca e a retirar da documentación pública calquera referencia ou mención á mesma.

ARTIGO 23. EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN

A autorización do uso da marca extinguirase polas seguintes causas:

1. Por perda da facultade da Deputación de Pontevedra a xestionar e administrar a marca.
2. Por expiración do período para o que se concedeu a autorización ou, no seu caso, a renovación, sen que o interesado solicitara, no prazo establecido, a oportuna renovación.
3. Por revogación da autorización.
4. Por calquera outra causa legal ou regulamentariamente establecida.

ARTIGO 24. SUPOSTOS DE SUCESIÓN DA PERSOA AUTORIZADA

No caso de producirse a fusión, escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, a autorización manterase coa entidade á que se atribúa a celebración do festival para o que se autorizou o uso da marca. A dita entidade quedará subrogada nos dereitos e obrigas da persoa autorizada, sempre que reúna as condicións esixidas para a autorización.

Aos efectos anteriores, a empresa deberá comunicar á Deputación de Pontevedra a circunstancia que se producira. No seu caso, deberá aportar a documentación acreditativa de reunir as condicións esixidas para a autorización.

ARTIGO 25. DEFENSA DA MARCA

En caso de producirse a violación do dereito de marca, soamente a Deputación de Pontevedra, como titular da mesma, poderá exercitar ante os órganos xurisdicionais as accións que correspondan contra os que lesionen o seu dereito e esixir as medidas necesarias para a súa defensa.



No caso de que algunha das persoas autorizadas teña coñecemento dalgunha violación do dereito de marca deberá poñelo en coñecemento da Deputación de Pontevedra.

TÍTULO V PROTECCIÓN DE DATOS

ARTIGO 26. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable” dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súa propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>

DISPOSICIÓN FINAIS

PRIMEIRA. DESENVOLVEMENTO

Autorízase á Presidencia da Deputación para ditar cantas instrucións sexan precisas para o desenvolvemento deste regulamento.

SEGUNDA. ENTRADA EN VIGOR



Esta ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e non entrará en vigor ata que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Publicarase, así mesmo, na sección de transparencia do portal corporativo da Deputación de Pontevedra.

Manterá a súa vixencia en tanto a Deputación de Pontevedra manteña a facultade de xestionar e administrar a marca en virtude da vixencia do título de rexistro da mesma.

ANEXO



8.8592.- **ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA AO PROXECTO 0550 ECOFRONT MINHO 1 P: ESPAZOS CONSERVADOS NA FRONTE DA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA E A SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL DO RÍO MIÑO, APROBADO NA SEXTA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN INTERREG VI A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) (EXPTES. 2025013696-2026009883)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/W6173jxY0nXzvVOARHtAvdg2RwflIoX9KaF9hF3ScuV21wrQ>

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Comisión Europea aprobou, na súa decisión do 22 de agosto de 2022, o Programa de Cooperación Transfronteriza Interreg España-Portugal



(POCTEP) 2021-2027, o maior programa de cooperación transfronteiriza da Unión Europea (UE), que conta cunha dotación financeira FEDER de máis de 320 millóns de euros.

Segundo.- En data 12/12/2024 o Comité de Seguimento do Programa de Cooperación Interreg VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 aprobou a publicación da 6ª convocatoria para a presentación de proxectos no marco das prioridades 1, 2, 3, 4, 5 e 7, acordando que esta terá un carácter conxunto e único para todo o Programa e definindo as Bases da sexta convocatoria do POCTEP 2021-2027 para as referidas prioridades. A porcentaxe máxima de cofinanciación do FEDER queda establecida no 75% do custe elixible dos proxectos.

Terceiro.- Coa finalidade de canalizar as necesidades existentes en materia de conservación da biosfera do río Miño no seu tramo transfronteirizo, elabórase o formulario de candidatura e o formulario financeiro segundo o modelo determinado na xesta convocatoria do POCTEP 2021-2027. Deste modo, no formulario de candidatura do proxecto denominado “ECOFRONT_MINHO: Espazos conservados na fronte da cooperación transfronteiriza e a sustentabilidade ambiental do río Miño”, propónse desenvolver un proxecto transfronteirizo de xestión e conservación do territorio transfronteirizo do río Miño (tramo internacional), que inclúe espazos naturais, fauna e flora de elevado valor ecolóxico.

Cuarto.- En data 29/01/2026 o Comité de Xestión do POCTEP, acordou a concesión dunha axuda FEDER de 739.076,65 € ao proxecto 0550_ECOFRONT_MINHO_1_P, presentado á sexta convocatoria do POCTEP 2021-2027. Dita decisión notificouse ao Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial (AECT Rio Minho), como Beneficiario Principal do dito proxecto.

O formulario de candidatura aprobado recolle a seguinte información financeira:

CADRO FINANCEIRO APROBADO				
Nº BENEFICIA- RIO	BENEFICIARIO	CUSTO TOTAL ELIXIBLE	FEDER APROBADO	% COFINACIA- CIÓN



BP	Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial (AECT Río Minho)	116.366,70 €	87.275,03 €	75,00
BE2	ADRMINHO - Associação de Desenvolvimento Rural Integrado do Vale do Minho	60.710,53 €	45.532,90 €	75,00
BE3	Deputación Provincial de Pontevedra, Cooperación cos municipios	414.996,84 €	311.247,63 €	75,00
BE4	Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT)	114.225,68 €	85.669,26 €	75,00
BE5	Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal (CEER)	87.652,60 €	65.739,45 €	75,00
BE6	Asociación de Desenvolvimento Rural Condado Paradanta	94.991,59 €	71.243,69 €	75,00
BE7	Grupos de Acción Local Baixo Miño - Asociación de Desenvolvimento Rural Da Mancomunidade Da Area Intermunicipal de Vigo-Baixo Miño	96.491,59 €	72.368,69 €	75,00
	TOTAL	985.435,53 €	739.076,65 €	

Distribución por categorías de gasto e actividades:

CATEGORÍA / ACTIVIDADE	A1	A2	A3	A4	A5	A6	TOTAL
1. Persoal	5.904,00€	28.700,00€	4.592,00€	0,00€	2.952,00€	14.760,00€	56.908,00€
2. Oficina e administrativos	885,60€	4.305,00€	688,80€	0,00€	442,80€	2.214,00€	8.536,20€
3. Viaxe e aloxamento	472,32€	2.296,00€	367,36€	0,00€	236,16€	1.180,80€	4.552,64€
4. Servizos e asesoramento externos	0,00€	324.500,00€	6.500,00€	0,00€	4.000,00€	10.000,00€	345.000,00€
5. Equipos	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€
6. Infraestrutura e obras	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€



TOTAL	7.261,92€	359.801,00€	12.148,16€	0,00€	7.630,96€	28.154,80€	414.996,84€
--------------	------------------	--------------------	-------------------	--------------	------------------	-------------------	--------------------

Cofinanciación Deputación de Pontevedra:

ECOFRONT_MINHO: Espazos conservados na fronte da cooperación transfronteiriza e a sustentabilidade ambiental do río Miño			
Custe total	Custe total subvencionable	Axuda Solicitada	Cofinanciación da Deputación
414.996,84 €	414.996,84 €	311.247,63 €	103.749,21 €

Distribución por anualidades:

B3- Deputación de Pontevedra	2026	2027	2028	Total
1. Persoal	12.628,00 €	22.140,00 €	22.140,00 €	56.908,00 €
2. Oficina e administrativos	1.894,20 €	3.321,00 €	3.321,00 €	8.536,20 €
3. Viaxe e aloxamento	1.010,24 €	1.771,20 €	1.771,20 €	4.452,64 €
4. Servizos e asesoramento externos	0,00 €	191.500,00 €	153.500,00€	345.000,00 €
5. Equipos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
6. Infraestruturas e obras	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	15.532,44 €	218.732,20 €	180.732,20 €	414.996,84€

	2026	2027	2028	TOTAL
FEDER (75%)	11.649,33 €	164.049,15 €	135.549,15 €	311.247,63 €
FONDOS PROPIOS (25%)	3.883,11 €	54.683,05 €	45.183,05 €	103.749,21 €
TOTAL	15.532,44 €	218.732,20 €	180.732,20 €	414.996,84 €

O período de execución das actuacións comprendidas no formulario de candidatura denominado establécese en 36 meses, entre os anos 2026 e 2028.

Quinto.- En data 11/02/2026 o Xefe do Servizo de Cooperación emitiu informe favorable (CSV: KVVZAJ8MGKYMKG0B) respecto á aceptación da axuda concedida ao proxecto “0550_ECOFRONT_MINHO_1_P: Espazos conservados no fronte da cooperación transfronteiriza e sustentabilidade ambiental do río Minho”.

Sexto.- En data 12/02/2026 a Intervención Provincial informa favorablemente a aceptación da subvención e a aprobación do proxecto,



sinalando que “unha vez concedida a subvención, o órgano competente para aprobar o proxecto de forma taxativa é o Pleno segundo o establecido na Base 16.3.b) de Execución dos Orzamentos”.

Sétimo.- De conformidade aos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en data 20/02/2026 someteuse ao ditame da Comisión Informativa de Proxecto Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión.
- Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e dos instrumentos de financiación exterior.
- Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, polo cal se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (...).
- Programa de Cooperación «INTERREG VI-A España-Portugal (POCTEP)» para o período 2021-2027, o cal foi aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión de 22/08/2022.
- Acordo entre a Autoridade de Xestión e o Beneficiario Principal do proxecto e acordo entre os beneficiarios do proxecto e demais normativa aplicable no marco do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2021-2027.
- Bases da 6ª convocatoria do POCTEP 2021-2027.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).



- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Artigos 172 a 182, 216, 217 e demais concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL).
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Bases de execución do orzamento provincial.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Tal e como se establece no artigo 6 da LXS, as subvencións financiadas con cargo a fondos da Unión Europea rexeranse polas normas comunitarias aplicables en cada caso polas normas de desenvolvemento ou transposición daquelas, sendo de aplicación supletoria a LXS.

O Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión, establece no seu artigo 2, que o FEDER contribuirá a reducir as disparidades entre os niveis de desenvolvemento das distintas rexións da Unión e a reducir o retraso das rexións menos favorecidas, mediante a participación no axuste estrutural das rexións cuxo desenvolvemento estea á zaga e a reconversión de rexións industriais en declive, incluídas, entre outras medidas, a de promover un desenvolvemento sustentable e afrontar os retos medioambientais.

Por outra banda, o artigo 4 do Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg), sinala que, para a cooperación transfronteiriza, as rexións que reciban apoio FEDER serán as NUTS de nivel 3 da Unión. Así mesmo, o seu Capítulo II recolle os obxectivos específicos Interreg e a súa concentración temática neste novo período 2021-2027.



Neste contexto normativo, o Reino de España e a República de Portugal presentaron o Programa de Cooperación INTERREG VI-A para o período 2021-2027, que foi aprobado pola Comisión Europea mediante a Decisión C (2022) 6125 de data 22/08/2022.

Recibida a notificación de concesión da subvención para o proxecto “Espazos Conservados no Fronte da Cooperación Transfronteiriza e Sustentabilidade Ambiental do Río Minho” (0550_ECOFRONT_MINHO_1_P), no marco do POCTEP Interreg VI -A 2021-2027, procedeuse de conformidade ó artigo 22.6 do Regulamento (UE) núm. 2021/1059, do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, a asinar o acordo entre os beneficiarios do proxecto co fin de garantir a boa xestión financeira dos fondos asignados, sendo o AECT Río Minho o beneficiario principal do proxecto. Asemade, procedeuse a asinar electronicamente o acordo entre a Autoridade de Xestión e o Beneficiario Principal.

Obxectivos do proxecto

O territorio do río Minho transfronteirizo inclúe espazos naturais, fauna e flora de elevado valor ecolóxico. As comunidades locais deste territorio veñen demandando solucións conxuntas para protexer, preservar e valorizar este espazo natural como se reflectiu na Estratexia do Río Minho Transfronteirizo 2030.

O proxecto ten como obxectivo principal deseñar estratexias conxuntas para coordinar a xestión das infraestruturas verdes e valorizar o patrimonio natural do río Miño transfronteirizo, establecendo as bases necesarias para conseguir o seu recoñecemento como reservas da biosfera transfronteiriza da UNESCO. A abordaxe do proxecto fundaméntase no desenvolvemento conxunto de tres grupos de actuacións: gobernanza sustentable; mellora e integración das infraestruturas verdes e dos sistemas de protección e valorización dos recursos naturais; capacitación e sensibilización para promover comportamentos e actividades sustentables. Esta abordaxe non pode ser feita a nivel local, rexional ou nacional, sendo necesaria a cooperación transfronteiriza entres os dous países.

Partenariado



O Beneficiario Principal do proxecto é o Agrupamento de Cooperación Territorial Río Minho (AECT Río Minho). O resto do partenariado o conforman: ADRIMINHO, a Deputación de Pontevedra (cun orzamento elixible de 414.996,84 € e unha subvención FEDER de 311.247,63 €), a AECT GNP, a Fundación CEER, o GDR Condado-Paradanta, e o Grupo de Acción Local Baixo Miño.

Prazos e orzamentos

O prazo de execución do proxecto é entre o 1/03/2025 e o 31/12/2028, sen prexuízo das posibles prórrogas que se puideran conceder.

Polo que respecta ós orzamentos, este proxecto terá unha duración plurianual, polo cal os gastos distribuiranse da seguinte maneira, sen prexuízo das posibles modificacións que poida ter o proxecto.

0550_ECOFRONT_MINHO_1_P: Espazos conservados na fronte da cooperación transfronteiriza e a sustentabilidade ambiental do río Miño			
ENTIDADE	CUSTE ELIXIBLE	FEDER (75%)	FONDOS PROPIOS
Deputación de Pontevedra	414.996,84 €	311.247,63 €	103.749,21 €

Proxecto de gastos e operacións contables:

Para o inicio do proxecto é necesario realizar a aprobación do mesmo, levando a cabo as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo Comité de Xestión Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 para a execución do proxecto ECOFRONT MINHO, así como realizar as oportunas operacións para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra.

RÉXIME COMPETENCIAL

Tendo en conta a distribución inicial por anualidades, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na base 16.^a.3.b) das Bases de Execución do Orzamento provincial, compéttelle ó Pleno a autorización e disposición dos gastos plurianuais cando non se cumpran os límites establecidos no artigo 174 do TRLFL.

CONCLUSIÓN

Por todo o anteriormente exposto e sen prexuízo de calquera outro trámite baseado en mellor dereito, o Pleno de conformidade co ditame da Comisión



Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital, acorda por unanimidade, o seguinte:

- Validar os trámites para a aceptación da subvención outorgada polo FEDER, no marco do POCTEP INTERREG VI-A 2021-2027, para a execución do proxecto “Espazos Conservados na Fonte da Cooperación Transfronteiriza e a Sustentabilidade Ambiental do Río Miño” (0550_ECOFRONT_MINHO_1_P).
- Aprobar o proxecto denominado “Espazos conservados na fronte da cooperación transfronteiriza e a sustentabilidade ambiental do río Miño” (0550_ECOFRONT_MINHO_1_P) da 6ª convocatoria do Programa de Cooperación Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027.
- Aprobar a distribución do gasto cos importes que corresponden a esta Deputación provincial dentro do total do proxecto.
- Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gastos” tal e como establece a Base 27ª da execución do orzamento provincial.
- Aprobar a xeración de crédito polos importes da subvención concedida e as achegas propias da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e os conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gastos”.
- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para cantos actos e trámites sexan necesarios para levar a cabo as actuacións derivadas do presente acordo en relación co proxecto “Espazos Conservados na Fronte da Cooperación Transfronteiriza e a Sustentabilidade Ambiental do Río Miño” (0550_ECOFRONT_MINHO_1_P), sen prexuízo, no seu caso, da obriga de dar conta ao Pleno para a súa ratificación.
- Notificar o presente acordo ás partes interesadas, no seu caso.

9.8593.- **ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA AO PROXECTO 0543 SMART BUILDING COOP 1 E**



**APROBADO NA SEXTA CONVOCATORIA DO
PROGRAMA DE COOPERACIÓN INTERREG VI A
ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027,
COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)
(EXPTES. 2025013660-2026009900)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/wLKIThT3gI7vNGie14MBIWIWXLVVIQbVDNNtf2CxpFuOhERi>

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Comisión Europea aprobou, na súa decisión do 22 de agosto de 2022, o Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, o maior programa de cooperación transfronteiriza da Unión Europea (UE), que conta cunha dotación financeira FEDER de máis de 320 millóns de euros.

Segundo.- O Comité de Seguimento do Programa de Cooperación Interreg VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 aprobou en data 12/12/2024 a publicación da 6ª convocatoria para a presentación de proxectos no marco das prioridades 1, 2, 3, 4, 5 e 7, acordando que esta terá un carácter conxunto e único para todo o Programa e definindo as Bases da sexta convocatoria do POCTEP 2021-2027 para as referidas prioridades. A porcentaxe máxima de cofinanciación do FEDER queda establecida no 75% do custe elixible dos proxectos.

Terceiro.- Coa finalidade de canalizar as necesidades existentes en materia de eficiencia enerxéticas nos edificios públicos de titularidade local entre a provincia de Pontevedra e o norte de Portugal, en data 18/03/2025 a Deputación de Pontevedra (Beneficiario Principal) presentou á 6ª convocatoria do POCTEP 2021-2027 a candidatura denominada “SMART_BUILDING_COOP: Xestión e Transformación para a Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade dos Edificios”.

Cuarto.- O proxecto 0543_SMART_BUILDING_COOP_1_E, trátase dun proxecto transfronteirizo que ten como obxectivo xestionar e transformar,



para a mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade, os edificios de titularidade pública das entidades locais, mediante o emprego da Intelixencia Artificial e outras tecnoloxías existentes. Esta iniciativa serve para dar resposta aos retos da xestión da eficiencia enerxética e redución de emisións de CO₂ á atmosfera que a normativa na materia fai competentes aos concellos españois e entidades análogas de Portugal.

Quinto.- A Deputación de Pontevedra é o Beneficiario Principal deste proxecto transfronteirizo, que se vai desenvolver conxuntamente coas entidades Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), Universidade de Vigo, Deputación de Ourense, Universidade do Minho, Instituto Politécnico de Viana do Castelo, CIM Alto Minho e Instituto Enerxético de Galicia (este último, beneficiario sen orzamento).

Sexto.- En data 06/02/2026 o Comité de Xestión do POCTEP notificou á Deputación de Pontevedra (como Beneficiario Principal do proxecto) a concesión dunha axuda FEDER de 1.832.558,18 euros ao proxecto 0543_SMART_BUILDING_COOP_1_E, presentado á Sexta Convocatoria do POCTEP 2021-2027.

Sétimo.- Polo que respecta ás condicións económicas recollidas no cadro financeiro aprobado o custo total elixible cuantifícase en 2.443.410,92 € e a súa desagregación por beneficiario detállase na seguinte táboa:

CADRO FINANCIERO APROBADO			
BENEFICIARIO	CUSTO TOTAL ELIXIBLE	FEDER APROBADO	COFINANCIACIÓN
BP - Deputación Provincial de Pontevedra	534.336,67 €	400.752,50 €	75%
BE2 - Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG)	358.449,70 €	268.837,28 €	
BE3 - Universidade de Vigo	222.305,95 €	166.729,46 €	
BE4 - Deputación Provincial de Ourense	434.386,67 €	325.790,00 €	
BE5 - Universidade do Minho	161.238,47 €	120.928,85 €	
BE6 - Instituto Politécnico de Viana do Castelo	289.760,55 €	217.320,41 €	



BE7 - Comunidade Intermunicipal do Alto Minho	442.932,91 €	332.199,68 €	
SO2 - Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)	0,00 €	0,00 €	
TOTAL.....	2.443.410,92 €	1.832.558,18 €	

En canto ao cadro financeiro por categoría de gasto e actividade que corresponde ás actuacións da Deputación de Pontevedra no proxecto, é o que se desagrega a continuación:

CATEGORÍA/ACTIVIDADE	A1	A2	A3	A4	A5	A6	TOTAL
1. Persoal	10.019,75 €	25.198,43 €	15.029,61 €	30.059,24 €	19.012,24 €	20.039,49 €	119.358,76 €
2. Oficina e Administrativos	1.502,96 €	3.779,76 €	2.254,44 €	4.508,89 €	2.851,84 €	3.005,92 €	17.903,81 €
3. Viaxe e aloxamento	801,58 €	2.015,87 €	1.202,37 €	2.404,74 €	1.520,98 €	1.603,16 €	9.548,70 €
4. Servizos e asesoramento externo	0,00 €	63.333,33 €	230.000,00 €	0,00 €	4.500,00 €	25.000,00 €	322.833,33 €
5. Equipos	0,00 €	14.692,07 €	50.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	64.692,07 €
6. Infraestruturas e obras	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	12.324,29 €	109.019,46 €	298.486,42 €	36.972,87 €	27.885,06 €	49.648,57 €	534.336,67 €

Polo que respecta ao período de execución das actuacións comprendidas no formulario de candidatura do proxecto, establécese en 32 meses, entre os anos 2026 e 2028. O cadro financeiro do proxecto correspondente á Deputación de Pontevedra, por anualidades é o que se desagrega a continuación:

	2026	2027	2028	TOTAL
FEDER (75%)	178.543,42 €	177.925,19 €	44.283,89 €	400.752,50 €
FONDOS PROPIOS (25%)	59.514,47 €	59.308,40 €	14.761,30 €	133.584,17 €
TOTAL	238.057,89 €	237.233,59 €	59.045,19 €	534.336,67 €

O cadro financeiro por categoría de gasto e anualidade é o que se detalla a continuación:

CATEGORÍA/ANUALIDADE	2026	2027	2028	TOTAL
1. Persoal	37.299,61 €	44.759,54 €	37.299,61 €	119.358,76 €
2. Oficina e Administrativos	5.594,94 €	6.713,93 €	5.594,94 €	17.903,81 €
3. Viaxe e aloxamento	2.983,97 €	3.580,76 €	2.983,97 €	9.548,70 €
4. Servizos de asesoramento externo	159.833,33 €	149.833,33 €	13.166,67 €	322.833,33 €
5. Equipos	32.346,04 €	32.346,04 €	0,00 €	64.692,08 €
6. Infraestruturas e obras	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL.....	238.057,89 €	237.233,59 €	59.045,19 €	534.336,67 €



Oitavo.- Solicítase que dito crédito se dote no orzamento respectivo da Deputación de Pontevedra conforme ao punto 16º, apartado f) das Bases de Execución do orzamento da entidade.

Noveno.- O Xefe de Servizo de Cooperación emitiu informe favorable o día 11 de febreiro de 2026 (CSV: KWOJNVK0USH1RUIL) e a Intervención provincial emitiu o preceptivo informe o día 16 de febreiro de 2026 (CSV: MH1JIAHWVCHCVYJN) sinalando que, “*Unha vez concedida a subvención, o órgano competente para aprobar o proxecto de forma taxativa é o Pleno segundo o establecido na Base 16.3.b) de Execución dos Orzamentos*”.

Décimo.- De conformidade cos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en data 20/02/2026 someteuse ao ditame da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital antes da súa elevación ao Pleno provincial.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Regulamento UE 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión.
- Regulamento UE 2021/1059, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e dos instrumentos de financiamento exterior.
- Regulamento UE 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus,(...).
- Programa de Cooperación «INTERREG VI-A España-Portugal (POCTEP)» para o período 2021-2027, o cal foi aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión de 22.8.2022.
- Acordo entre a Autoridade de Xestión e o Beneficiario Principal do proxecto, acordo entres os beneficiarios do proxecto, e demais



normativa aplicable no marco do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2021-2027.

- Bases da 6ª convocatoria do POCTEP 2021-2027.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Tal e como se establece no artigo 6 da LXS, as subvencións financiadas con cargo a fondos da Unión Europea rexeranse polas normas comunitarias aplicables en cada caso e polas normas de desenvolvemento ou transposición daquelas, sendo de aplicación supletoria a LXS.

O Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión, establece no seu artigo 2, que o FEDER contribuirá a reducir as disparidades entre os niveis de desenvolvemento das distintas rexións da Unión e a reducir o retraso das rexións menos favorecidas, mediante a participación no axuste estrutural das rexións cuxo desenvolvemento esta á zaga e á reconversión de rexións industriais en



declive, incluídas, entre outras medidas, a de promover un desenvolvemento sustentable e afrontar os retos medioambientais.

Por outra banda, o artigo 4 do Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg), sinala que, para a cooperación transfronteiriza, as rexións que reciban apoio FEDER serán as NUTS de nivel 3 da Unión. Así mesmo, o seu Capítulo II recolle os obxectivos específicos Interreg e a súa concentración temática neste novo período 2021-2027.

Neste contexto normativo, o Reino de España e a República de Portugal presentaron o Programa de Cooperación INTERREG VI-A para o período 2021-2027, que foi aprobado pola Comisión Europea mediante a Decisión C (2022) 6125 de data 22/08/2022.

Recibida a notificación de concesión da subvención para o proxecto “0543 SMART_BUILDING_COOP: Xestión e Transformación para a Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade dos Edifícios”, procedeuse de conformidade ó artigo 22.6 do Regulamento (UE) núm. 2021/1059, do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, a asinar o acordo entre os beneficiarios do proxecto co fin de garantir a boa xestión financeira dos fondos asignados, sendo a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA o Beneficiario Principal do proxecto. Asemade, procedeuse a asinar electrónicamente o acordo entre a Autoridade de Xestión e o Beneficiario Principal.

Obxectivos do proxecto:

O proxecto ten como obxectivo xeral desenvolver e implementar un sistema intelixente de xestión e monitorización enerxética en edificios públicos da rexión transfronteiriza entre Galicia e Portugal, baseado en redes intelixentes e sistemas de TIC, co fin de optimizar o consumo de enerxía, reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) e mellorar a eficiencia operativa das infraestruturas públicas.

A través da dixitalización do consumo enerxético, a integración de sensores IoT e a aplicación de Intelixencia Artificial e Big Data, facilitarase a toma de decisións en tempo real, permitindo a detección de anomalías, a predición de consumos e a implementación de medidas correctivas automatizadas.



Este enfoque alíñase co Obxectivo Específico 2.1, xa que contribúe a reducir o consumo de enerxía primaria e mellorar a eficiencia enerxética en infraestruturas públicas, priorizando o principio de “primeiro, a eficiencia enerxética” antes da incorporación de enerxías renovables.

Ademais, o proxecto impulsa un modelo de cooperación transfronteiriza, facilitando a interoperabilidade de sistemas entre Galicia e Portugal e promovendo a replicabilidade de solucións innovadoras no espazo POCTEP.

Logros a acadar:

O proxecto permitirá a implantación dunha plataforma intelixente de monitorización e xestión enerxética en edificios públicos da rexión transfronteiriza entre G-NP.

Espéranse lograr os seguintes avances:

- Redución do consumo de enerxía primaria e emisións de GEI, mellorando a eficiencia enerxética en polo menos tres edificios piloto mediante a dixitalización dos seus consumos.
- Desenvolvemento e validación dunha plataforma de xestión enerxética baseada en IoT e Big Data, que permitirá a toma de decisións en tempo real, optimización do consumo e detección de anomalías.
- Instalación dunha rede de sensores IoT nos edificios piloto, facilitando a recolección de datos en tempo real sobre climatización, iluminación e outros parámetros clave.
- Desenvolvemento dun modelo predictivo de consumo enerxético, integrando algoritmos de intelixencia artificial para mellorar a eficiencia operativa.
- Capacitación de persoal técnico e xestor público, asegurando a correcta implementación e replicabilidade do sistema noutros edificios do territorio POCTEP.
- Definición de protocolos de interoperabilidade transfronteiriza, promovendo a integración de estándares comúns entre España e Portugal para facilitar a escalabilidade do sistema.

O proxecto demostrará a viabilidade de solucións dixitais innovadoras para a transición enerxética no sector público, facilitando a súa replicabilidade noutros municipios e rexións.



Partenariado:

O Beneficiario Principal do proxecto é a Deputación Provincial de Pontevedra (cun orzamento elixible de 534.336,67 €). O resto do partenariado o conforman: a Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), a Universidade de Vigo, a Deputación Provincial de Ourense, a Universidade do Minho, o Instituto Politécnico de Viana do Castelo, a CIM Alto Minho e o Instituto Enerxético de Galicia (este último, como beneficiario sen orzamento).

Prazos e orzamentos:

No referente ao período de execución do proxecto, este desenvolverase entre o 01/03/2026 e o 31/10/2028, sen prexuízo das posibles prórrogas que se puideran conceder.

Polo que respecta aos orzamentos, este proxecto terá unha duración plurianual, polo cal os gastos distribuiranse da seguinte maneira, sen prexuízo das posibles modificacións que poida ter o proxecto:

CATEGORÍA/ANUALIDADE	2026	2027	2028	TOTAL
1. Persoal	37.299,61 €	44.759,54 €	37.299,61 €	119.358,76 €
2. Oficina e Administrativos	5.594,94 €	6.713,93 €	5.594,94 €	17.903,81 €
3. Viaxe e aloxamento	2.983,97 €	3.580,76 €	2.983,97 €	9.548,70 €
4. Servizos de asesoramento externo	159.833,33 €	149.833,33 €	13.166,67 €	322.833,33 €
5. Equipos	32.346,04 €	32.346,04 €	0,00 €	64.692,08 €
6. Infraestruturas e obras	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL.....	238.057,89 €	237.233,59 €	59.045,19 €	534.336,67 €

“SMART_BUILDING_COOP: Xestión e Transformación para a Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade dos Edifícios”

ENTIDADE	Custe elixible	FEDER (75%)	Fondos propios
Deputación de Pontevedra	534.336,67 €	400.752,50 €	133.584,17 €

Proxecto de gastos e operacións contables:

Para o inicio do proxecto é necesario realizar a aprobación do mesmo, levando a cabo as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 para a execución do



proxecto 0543_SMART_BUILDING_COOP_1_E, así como realizar as oportunas operacións para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra.

RÉXIME COMPETENCIAL

Tendo en conta a distribución inicial por anualidades, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na base 16.^a.3.b) das Bases de Execución do Orzamento provincial, compételle ó Pleno a autorización e disposición dos gastos plurianuais cando non se cumpran os límites establecidos no artigo 174 do TRLFL.

CONCLUSIÓN

Por todo o anteriormente exposto e sen prexuízo de calquera outro trámite baseado en mellor dereito, o Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital, acorda por unanimidade o seguinte:

- Validar os trámites para a aceptación da subvención outorgada polo FEDER, no marco do Programa de Cooperación INTERREG VI-A, para a execución do proxecto “Xestión e Transformación para a Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade dos Edificios” (0543_SMART_BUILDING_COOP_1_E).
- Aprobar o proxecto denominado “Xestión e Transformación para a Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade dos Edificios” (0543_SMART_BUILDING_COOP_1_E) da 6^a convocatoria do Programa de Cooperación Interreg VI-A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027.
- Aprobar a distribución do gasto cos importes que corresponden a esta Deputación provincial dentro do total do proxecto.
- Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gastos” tal e como establece a Base 27^a de execución do orzamento provincial.



- Aprobar a xeración de crédito polos importes da subvención concedida e as achegas propias da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e os conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gastos”.
- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para cantos actos e trámites sexan necesarios para levar a bo fin as actuacións derivadas do presente acordo en relación co proxecto denominado “Xestión e Transformación para a Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade dos Edifícios” (0543_SMART_BUILDING_COOP_1_E), sen prexuízo, no seu caso, da obriga de dar conta ao Pleno para a súa ratificación.
- Notificar o presente acordo ás partes interesadas, no seu caso.

10.8594.- **ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA AO PROXECTO 0594 ACTIVA RURAL TRANSFRONTEIRIZO 6 E APROBADO NA SÉTIMA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN INTERREG VI A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) (EXPTES. 2025025120-2026009901)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/1C4qAxkdYN2lrN7SP8SflHzOr0d8pT7LGJAdT55ZU57cfvgp>

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Comisión Europea aprobou, na súa decisión do 22 de agosto de 2022, o Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, o maior programa de cooperación transfronteiriza da Unión Europea (UE), que conta cunha dotación financeira FEDER de máis de 320 millóns de euros.

Segundo.- O Comité de Seguimento do Programa de Cooperación Interreg VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 aprobou en data 21/02/2025 a



publicación da 7ª convocatoria para a presentación de proxectos no marco das prioridades 1, 3 e 5 acordando que esta terá un carácter conxunto e único para todo o Programa e definindo as Bases da sexta convocatoria do POCTEP 2021-2027 para as referidas prioridades. A porcentaxe máxima de cofinanciación do FEDER queda establecida no 75% do custe elixible dos proxectos.

Terceiro.- Coa finalidade de afrontar os retos e desafíos que xorden no ámbito do envellecemento na rexión da fronteira entre España e Portugal, e especialmente nas zonas rurais, e coa finalidade de canalizar as necesidades existentes en materia de promoción dun envellecemento activo que promova un modelo inclusivo, accesible e sostible de coidados asistenciais para persoas maiores na citada zona, en data 24/04/2025 a Deputación de Pontevedra (Beneficiario Principal) presentou á Sétima convocatoria do POCTEP 2021-2027 a candidatura denominada “ACTIVA_RURAL_TRANSFRONTERIZO_6_E, Innovación e coidados para unha vida activa no medio rural transfronteirizo”.

Cuarto.- O proxecto 0594_ACTIVA_RURAL_TRANSFRONTERIZO_6_E, trátase dun proxecto transfronteirizo que busca promover un modelo inclusivo, accesible e sostible de coidados asistenciais e socio-sanitarios para persoas maiores en áreas rurais transfronteirizas, mediante o desenvolvemento de Aldeas Smarthus que integren tecnoloxías asistenciais, participación comunitaria e actividades orientadas ao envellecemento activo, aplicando os principios da Nova Bauhaus Europea.

Quinto.- A Deputación de Pontevedra é o Beneficiario Principal deste proxecto transfronteirizo, que se vai desenvolver conxuntamente coas entidades: Universidade de Vigo, Deputación Provincial de Ourense, Instituto de Investigación en Psicoloxía da USC (IPsiUS), Dirección Xeral de Maiores e Atención Socio-sanitaria da Xunta de Galicia, Diputación Provincial de León, Diputación Provincial de Cáceres, Comunidade Intermunicipal do Alto Minho (CIM Alto Minho), Comunidade Intermunicipal do Alto Tâmega e Barroso (CIMAT), Comunidade Intermunicipal das Terras de Trás-os-Montes (CIM-TTM), Instituto Politécnico de Bragança, Comunidade Intermunicipal do Alto Alentejo (CIMAA), Comunidade Intermunicipal das Beiras e Serra da Estrela (CIM-BSE), Comunidade Intermunicipal da Beira Baixa (CIMBB), Instituto Politécnico de Leiria, Asociación de Fomento da Economía Social e da



Investigación, e Deputación Provincial de Zamora (estes dous últimos, beneficiarios sen orzamentos).

Sexto.- En data 06/02/2026 o Comité de Xestión do POCTEP notificou á Deputación de Pontevedra (como Beneficiario Principal do proxecto) a concesión dunha axuda FEDER de 3.369.521,25 euros ao proxecto 0594_ACTIVA_RURAL_TRANSFRONTERIZO_6_E, presentado á Sétima Convocatoria do POCTEP 2021-2027.

Sétimo.- Polo que respecta ás condicións económicas recollidas no cadro financeiro aprobado o custo total elixible cuantifícase en 4.492.695,00 € e a súa desagregación por beneficiario detállase na seguinte táboa:

CADRO FINANCEIRO APROBADO			
BENEFICIARIO	CUSTO TOTAL ELIXIBLE	FEDER APROBADO	COFINANCIACIÓN
BP - Deputación Provincial de Pontevedra	604.457,50 €	453.343,13 €	75%
BE2 - Universidade de Vigo	259.885,00 €	194.913,75 €	
BE3 - Deputación Provincial de Ourense	363.000,00 €	272.250,00 €	
BE4 - Instituto de Investigación en Psicoloxía da USC (IPsiUS)	242.050,00 €	181.537,50 €	
BE5 - Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria -Xunta de Galicia	194.077,50 €	145.558,13 €	
BE6 - Diputación Provincial de León	386.450,00 €	289.837,50 €	
BE7 - Diputación Provincial de Cáceres	400.515,00 €	300.386,25 €	
BE8 - Comunidade Intermunicipal do Alto Minho (CIM Alto Minho)	256.800,00 €	192.600,00 €	
BE9 - Comunidade Intermunicipal do Alto Tâmega e Barroso (CIMAT)	250.650,00 €	187.987,50 €	
BE10 - Comunidade Intermunicipal das Terras de Trás-os-Montes (CIM-TTM)	263.725,00 €	197.793,75 €	
BE11 - Instituto Politécnico de Bragança	314.775,00 €	236.081,25 €	
BE12 - Comunidade Intermunicipal do Alto Alentejo (CIMAA)	250.650,00 €	187.987,50 €	
BE13 - Comunidade Intermunicipal das Beiras e Serra da Estrela (CIM-BSE)	259.875,00 €	194.906,25 €	
BE14 - Comunidade Intermunicipal da Beira Baixa (CIMBB)	271.600,00 €	203.700,00 €	
BE15 - Instituto Politécnico de Leiria	174.185,00 €	130.638,75 €	



SO2 - Asociación de Fomento da Economía Social e da Investigación	0,00 €	0,00 €	
SO3 - Diputación Provincial de Zamora	0,00 €	0,00 €	
TOTAL.....	4.492.695,00 €	3.369.521,25 €	

En canto ao cadro financeiro por categoría de gasto e actividade que corresponde ás actuacións da Deputación de Pontevedra no proxecto, é o que se desagrega a continuación:

CATEGORÍA/ACTIVIDADE	A1	A2	A3	A4	A5	A6	TOTAL
1. persoal	30.000,00 €	20.250,00 €	29.925,00 €	35.175,00 €	14.998,50 €	25.245,00 €	155.593,50 €
2. Oficina e Administrativos	4.500,00 €	3.037,50 €	4.488,75 €	5.276,25 €	2.249,78 €	3.786,75 €	23.339,03 €
3. Viaxe e aloxamento	2.400,00 €	1.620,00 €	2.394,00 €	2.814,00 €	1.199,88 €	2.019,60 €	12.447,48 €
4. Servizos e asesoramento externo	14.001,84 €	0,00 €	75.000,00 €	300.000,00 €	4.500,00 €	19.575,65 €	413.077,49 €
5. Equipos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
6. Infraestruturas e obras	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	50.901,84 €	24.907,50 €	111.807,75 €	343.265,25 €	22.948,16 €	50.627,00 €	604.457,50 €

Polo que respecta ao período de execución das actuacións comprendidas no formulario de candidatura do proxecto, establécese en 36 meses, entre os anos 2026 e 2028. O cadro financeiro do proxecto correspondente á Deputación de Pontevedra, por anualidades é o que se desagrega a continuación:

	2026	2027	2028	TOTAL
FEDER (75%)	93.841,34 €	181.003,15 €	178.498,64 €	453.343,13 €
FONDOS PROPIOS (25%)	31.280,45 €	60.334,38 €	59.499,55 €	151.114,38 €
TOTAL	125.121,79 €	241.337,53 €	237.998,18 €	604.457,50 €

O cadro financeiro por categoría de gasto e anualidade é o que se detalla a continuación:

CATEGORÍA/ANUALIDADE	2026	2027	2028	TOTAL
1. Persoal	62.989,50 €	51.552,00 €	41.052,00 €	155.593,50 €
2. Oficina e Administrativos	9.448,43 €	7.732,80 €	6.157,80 €	23.339,03 €
3. Viaxe e aloxamento	5.039,16 €	4.124,16 €	3.284,16 €	12.447,48 €
4. Servizos de asesoramento externo	47.644,70 €	177.928,57 €	187.504,22 €	413.077,49 €
5. Equipos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
6. Infraestruturas e obras	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL.....	125.121,79 €	241.337,53 €	237.998,18 €	604.457,50 €



Oitavo.- Solicítase que dito crédito se dote no orzamento respectivo da Deputación de Pontevedra conforme ao punto 16º, apartado f) das Bases de Execución do orzamento da entidade.

Noveno.- O Xefe de Servizo de Cooperación emitiu informe favorable o día 11 de febreiro de 2026 (CSV: VV5KVUJKJRGQ31U9) e a Intervención provincial emitiu o preceptivo informe o día 16 de febreiro de 2026 (CSV: 448L5RYKSG8BD9WX) sinalando que, “unha vez concedida a subvención, o órgano competente para aprobar o proxecto de forma taxativa é o Pleno, segundo o establecido nas bases 16.3.b) de Execución dos Orzamentos”.

Décimo.- De conformidade cos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en data 20/02/2026 someteuse ao ditame da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital antes da súa elevación ao Pleno provincial.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Regulamento UE 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión.
- Regulamento UE 2021/1059, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e dos instrumentos de financiamento exterior.
- Regulamento UE 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, (...)
- Programa de Cooperación «INTERREG VI-A España-Portugal (POCTEP)» para o período 2021-2027, o cal foi aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión de 22/08/2022.
- Acordo entre a Autoridade de Xestión e o Beneficiario Principal do proxecto, acordo entres os beneficiarios do proxecto, e demais normativa aplicable no marco do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2021-2027.



- Bases da 7ª convocatoria do POCTEP 2021-2027.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Tal e como se establece no artigo 6 da LXS, as subvencións financiadas con cargo a fondos da Unión Europea rexeranse polas normas comunitarias aplicables en cada caso e polas normas de desenvolvemento ou transposición daquelas, sendo de aplicación supletoria a LXS.

O Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión, establece no seu artigo 2, que o FEDER contribuirá a reducir as disparidades entre os niveis de desenvolvemento das distintas rexións da Unión e a reducir o retraso das rexións menos favorecidas, mediante a participación no axuste estrutural das rexións cuxo desenvolvemento estea á zaga e á reconversión de rexións industriais en declive, incluídas, entre outras medidas, a de promover un desenvolvemento sustentable e afrontar os retos medioambientais.



Por outra banda, o artigo 4 do Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg), sinala que, para a cooperación transfronteiriza, as rexións que reciban apoio FEDER serán as NUTS de nivel 3 da Unión. Así mesmo, o seu Capítulo II recolle os obxectivos específicos Interreg e a súa concentración temática neste novo período 2021-2027.

Neste contexto normativo, o Reino de España e a República de Portugal presentaron o Programa de Cooperación INTERREG VI-A para o período 2021-2027, que foi aprobado pola Comisión Europea mediante a Decisión C (2022) 6125 de data 22/08/2022.

Recibida a notificación de concesión da subvención para o proxecto “0594_ACTIVIA_RURAL_TRANSFRONTERIZO_6_E, Innovación e coidados para unha vida activa no medio rural transfronteirizo”, procedeuse de conformidade ó artigo 22.6 do Regulamento (UE) núm. 2021/1059, do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, a asinar o acordo entre os beneficiarios do proxecto co fin de garantir a boa xestión financeira dos fondos asignados, sendo a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA o beneficiario principal do proxecto. Asemade, procedeuse a asinar electrónicamente o acordo entre a Autoridade de Xestión e o Beneficiario Principal.

Obxectivos do proxecto:

O obxectivo xeral do proxecto é promover un modelo inclusivo, accesible e sostible de coidados asistenciais e socio-sanitarios para persoas maiores en áreas rurais transfronteirizas de España e Portugal, mediante a creación de Aldeas Smarthaus, concibidas como laboratorios vivos que integran tecnoloxías asistenciais, participación comunitaria e actividades orientadas ao envellecemento activo, inspiradas nos principios da Nova Bauhaus Europea (NEB).

Este obxectivo alíñase co Obxectivo Específico 4.5 do Programa, contribuíndo a garantir a igualdade de acceso á asistencia socio-sanitaria, especialmente en territorios rurais con poboación envellecida e dispersa,



reforzando a resiliencia dos sistemas locais de coidados mediante enfoques innovadores e comunitarios:

- O diagnóstico compartido e a gobernanza colaborativa permitirán identificar recursos existentes e deseñar respostas coordinadas entre rexións, clave para mellorar a resiliencia do sistema.
- O deseño de modelos de coidados centrados na persoa, facilitará a transición cara a servizos de base comunitaria próximos e humanizados.
- A dixitalización e as tecnoloxías accesibles facilitarán a tele asistencia e auto coidado, reducindo barreiras xeográficas e funcionais.
- A formación de profesionais e as redes de voluntariado reforzarán os coidados locais.
- A Axenda de Envellecemento Activo promoverá hábitos saudables e vínculos sociais, contribuíndo a unha Europa máis social e inclusiva.

Ademais, o proxecto impulsa un modelo de cooperación transfronteiriza, facilitando compartir experiencias e boas prácticas entre Galicia e Portugal, e promovendo a replicabilidade de solucións innovadoras no espazo POCTEP.

Logros a acadar:

O proxecto alcanzará logros significativos orientados a garantir coidados accesibles, sostibles e inclusivos en zonas rurais transfronteirizas, mediante un enfoque integrado que combina innovación tecnolóxica, participación social e envellecemento activo:

- Modelo estratéxico de coidados de proximidade centrado na persoa, sustentado nun plan transfronteirizo aliñado coa NEB e o Pilar Europeo de Dereitos Sociais, estruturado en 3 modelos operativos: relacional, asistencial e comunitario.
- Tecnoloxías asistenciais e solucións dixitais accesibles, que mellorarán a autonomía de persoas maiores en fogares rurais.
- Plataforma dixital para a xestión de coidados, servizos e participación, facilitando o acceso equitativo e a coordinación entre profesionais, familias e comunidade.
- Axenda de Envellecemento Activo co-creada coa cidadanía, con actividades culturais, sociais, interxeracionais e saudables, adaptadas aos territorios-Redes comunitarias e voluntariado interxeracional que fortalezan o tecido social e promovan o acompañamento activo.



- Formación e profesionalización do coidado rural, cun itinerario común e sistema de certificación para coidadores/as formais e informais.
- Pilotaxe de Aldeas Smarthaus para testear, adaptar e avaliar estas solucións, xerando coñecemento transferible e ferramentas de replicabilidade.
- Activación dunha gobernanza colaborativa, con diagnóstico compartido, guía e mecanismos institucionais de continuidade.

O proxecto demostrará a viabilidade de solucións innovadoras, participación social e envellecemento activo para a mellora da calidade de vida da cidadanía, facilitando a súa replicabilidade noutros municipios e rexións.

Partenariado:

O Beneficiario Principal do proxecto é a Deputación Provincial de Pontevedra (cun orzamento elixible de 604.457,50 €). O resto do partenariado o conforman as entidades: Universidade de Vigo, Deputación Provincial de Ourense, Instituto de Investigación en Psicoloxía da USC (IPsiUS), Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria da Xunta de Galicia, Diputación Provincial de León, Diputación Provincial de Cáceres, Comunidade Intermunicipal do Alto Minho (CIM Alto Minho), Comunidade Intermunicipal do Alto Tâmega e Barroso (CIMAT), Comunidade Intermunicipal das Terras de Trás-os-Montes (CIM-TTM), Instituto Politécnico de Bragança, Comunidade Intermunicipal do Alto Alentejo (CIMAA), Comunidade Intermunicipal das Beiras e Serra da Estrela (CIM-BSE), Comunidade Intermunicipal da Beira Baixa (CIMBB), Instituto Politécnico de Leiria, Asociación de Fomento da Economía Social e da Investigación e Diputación Provincial de Zamora (estes dous últimos, beneficiarios sen orzamentos).

Prazos e orzamentos:

No referente ao período de execución do proxecto, este desenvolverase entre o 01/01/2026 e o 31/12/2028, sen prexuízo das posibles prórrogas que se puideran conceder.

Polo que respecta aos orzamentos, este proxecto terá unha duración plurianual, polo cal os gastos distribuiranse da seguinte maneira, sen prexuízo das posibles modificacións que poida ter o proxecto:



“0594_ACTIVIA_RURAL_TRANSFRONTERIZO_6_E, Innovación e coidados para unha vida activa no medio rural transfronteirizo”,			
ENTIDADE	Custe elixible	FEDER (75%)	Fondos propios
Deputación de Pontevedra	604.457,50 €	453.343,13 €	151.114,37 €

CATEGORÍA/ANUALIDADE	2026	2027	2028	TOTAL
1. Persoal	62.989,50 €	51.552,00 €	41.052,00 €	155.593,50 €
2. Oficina e Administrativos	9.448,43 €	7.732,80 €	6.157,80 €	23.339,03 €
3. Viaxe e aloxamento	5.039,16 €	4.124,16 €	3.284,16 €	12.447,48 €
4. Servizos de asesoramento externo	47.644,70 €	177.928,57 €	187.504,22 €	413.077,49 €
5. Equipos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
6. Infraestruturas e obras	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL.....	125.121,79 €	241.337,53 €	237.998,18 €	604.457,50 €

Proxecto de gastos e operacións contables:

Para o inicio do proxecto é necesario realizar a aprobación do mesmo, levando a cabo as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 para a execución do proxecto 0594_ACTIVIA_RURAL_TRANSFRONTERIZO_6_E, así como realizar as oportunas operacións para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra.

RÉXIME COMPETENCIAL

Tendo en conta a distribución inicial por anualidades, en virtude do establecido no artigo 33 da LRBRL e na base 16.^a.3.b) das Bases de Execución do Orzamento provincial, compételle ó Pleno a autorización e disposición dos gastos plurianuais cando non se cumpran os límites establecidos no artigo 174 do TRLFL.

CONCLUSIÓN

Por todo o anteriormente exposto e sen prexuízo de calquera outro trámite baseado en mellor dereito, o Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital, acorda por unanimidade o seguinte:



- Validar os trámites para a aceptación da subvención outorgada polo FEDER, no marco do Programa de Cooperación INTERREG VI-A, para a execución do proxecto “Innovación e coidados para unha vida activa no medio rural transfronteirizo” (0594_ACTIVA_RURAL_TRANSFRONTERIZO_6_E).
- Aprobar o proxecto denominado “Innovación e coidados para unha vida activa no medio rural transfronteirizo” (0594_ACTIVA_RURAL_TRANSFRONTERIZO_6_E) da 7ª convocatoria do Programa de Cooperación Interreg VI-A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027.
- Aprobar a distribución do gasto cos importes que corresponden a esta Deputación provincial dentro do total do proxecto.
- Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gastos” tal e como establece a Base 27ª de execución do orzamento provincial.
- Aprobar a xeración de crédito polos importes da subvención concedida e as achegas propias da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e os conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gastos”.
- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para cantos actos e trámites sexan necesarios para levar a bo fin as actuacións derivadas do presente acordo en relación co proxecto denominado “Innovación e coidados para unha vida activa no medio rural transfronteirizo” (0594_ACTIVA_RURAL_TRANSFRONTERIZO_6_E), sen prexuízo, no seu caso, da obriga de dar conta ao Pleno para a súa ratificación.
- Notificar o presente acordo ás partes interesadas, no seu caso.

11.8595.- **APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO CONSTRUTIVO “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA PEONIL NA EP-0601 PORTOSANTO-CAMPELO-PO-308, DENDE O PQ**



**2+410 ATA O PQ 3+510 (CONCELLO DE POIO)".
DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DA
OBRA E RATIFICACIÓN DA DECLARACIÓN DE
URXENTE OCUPACIÓN. RESOLUCIÓN DE
ALEGACIÓNS (EXPTE. 2025045388)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/aKZ59O8ApbSatL8AnrBq2oHbG94cbaUi4tOEKJ6gQGoNWT2X>

ANTECEDENTES

1. Convenio

En data 12 de xuño de 2025 asinouse un Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio para a execución das obras de “Mellora da seguraza viaria e senda peonil na EP-0601 Portosanto – Campelo – PO-308, dende o PQ 2+410 ata o PQ 3+510 (Concello de Poio)".

De conformidade co convenio formalizado, correspóndelle á Deputación tramitar e xestionar o expediente de expropiación e o importe total dos prezos xustos polos bens e dereitos afectados financiarase integramente polo Concello de Poio.

2. Aprobación inicial do proxecto e do expediente expropiatorio.

O Pleno da Deputación na sesión de 31 de outubro de 2025 acordou:

- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “Mellora da seguraza viaria e senda peonil na EP-0601 Portosanto – Campelo – PO-308, dende o PQ 2+410 ata o PQ 3+510".
- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.
- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.



- Exporer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.
- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

3. Información pública.

Publicáronse anuncios no Taboleiro de Edictos do Concello de Poio (dende o 26 de novembro ao 18 de decembro de 2025), no BOPPO (26 de novembro de 2025), no BOE (26 de novembro de 2025), na sede electrónica da Deputación (do 26 de novembro de 2025 ao 26 de xaneiro de 2026) e no xornal Diario de Pontevedra o día 3 de decembro de 2025.

Os prazos de presentación de reclamacións fronte á aprobación do expediente de expropiación e do proxecto (15 e 20 días, respectivamente, contados dende a data da derradeira publicación) remataron o 30 de decembro de 2025.

Ademais, notificáronse individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos bens e dereitos obxecto de expropiación.

4. Alegacións presentadas.

Presentáronse as seguintes alegacións durante o prazo establecido:

Data	Núm. Rexistro	Interesado
01.12.2025	WEB2025082191	ANA MARÍA JESÚS ROMAY GRAÑA (remitido polo Concello de Poio)
02.12.2025	2025022182	ELVIRA TORRES CASAS
02.12.2025	2025022183	ELVIRA MARTÍNEZ TORRES
11.12.2025	2025022776	MARÍA JESÚS POUSADA VICENTE
12.12.2025	2025022898	MARÍA DEL CARMEN MARÍN CARBALLA
12.12.2025	2025022899	MARTA ISABEL ROMAY LÓPEZ
15.12.2025	2025022932	ANA MARÍA POUSADA VICENTE
15.12.2025	2025022987	NATALIA MARÍA PENIDE CALVAR
18.12.2025	WEB2025086322	COLESA TEMAS LEGALES Y SALUD SL
22.12.2025	2025023410	MANUEL SOBRAL FERNÁNDEZ
23.12.2025	2025023469	MARÍA MERCEDES ROMAY CALDAS
26.12.2025	2025023669	ANA MARÍA JESÚS ROMAY GRAÑA
26.12.2025	2025023680	ATALA BEGOÑA PAREDES CEREIJO
26.12.2025	2025023695	EULOGIO CALDAS FONTECHA



30.12.2025	2025023955	MERCEDES COUSELO GRAÑA
------------	------------	------------------------

Ademais, en data 25 de novembro de 2026 (antes da apertura do prazo establecido para formular alegacións), D^a. Consuelo García Sobral presentou un escrito no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (n^o de rexistro WEB2025081066).

Consideracións legais e técnicas.

1^a.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2^a.- Alegacións

En data 19 de xaneiro de 2026, César Aja Chao, Enxeñeiro de Camiños e Director de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, emite o seguinte informe (CSV: YLFW5LSLZTAQ045C):



Primeiro: Con respecto ás parcelas I27 e I29, en data de 25 de novembro de 2025, D^a. Consuelo García Sobral presenta un escrito de alegacións (nº de rexistro WEB2025081066) onde, en síntese, expón que na parcela I27 queda por incluír un tramo de peche de pedra e reixa metálica de dimensións totais 1,90 m de altura e 3,50 m de longo, e que na parcela I29 queda por incluír un tramo de pavimento de baldosa de pedra de 2,80 m de ancho e entre 3 e 3,75 m de longo.

En resposta a esta solicitude, infórmase que unha vez comprobados os bens por parte dos servizos técnicos, estes engádense á relación de bens afectados.

Por todo o exposto estímase as alegacións.

Segundo: En relación coa parcela D25, recibíronse 3 escritos de alegacións co seguinte contido:

a) En data 1 de decembro de 2025, D^a. Ana María Jesús Romay Graña presenta un escrito de alegacións (nº de rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra WEB2025082191) onde, en síntese, que ten revisada a comunicación recibida e o anexo de relación de bens afectados, pero que dita información é insuficiente para comprender o alcance das actuacións previstas na propiedade, xa que non se detallan aspectos como a ubicación precisa da franxa expropiada, a natureza das obras a executar, o impacto no resto da parcela ou a xustificación da afectación da árbore e a súa valoración. Por todo o exposto solicita que se lle facilite de forma inmediata un plano topográfico ou de expropiación, memoria descritiva das obras a executar en dita franxa, valoración provisional do xustiprezo e calquera outro informe técnico que xustifique a necesidade da afectación á parcela D25. Ademais solicita a paralización do prazo de alegacións ante a falta de documentación e datos que considera necesarios para valorar adecuadamente a expropiación e formular alegacións fundadas.

En resposta a esta solicitude, infórmase que no proxecto construtivo, que foi posto a información pública, atópanse toda a información que solicita, como é o caso da ubicación precisa da franxa expropiada con coordenadas (páxina 522 do arquivo pdf do proxecto), a natureza das obras a executar (Memoria descritiva, páxinas 7 a 25 do arquivo pdf do proxecto), e a valoración provisional dos bens e dereitos afectados (páxina 529 do arquivo pdf do proxecto). No antedito proxecto tamén se pode comprobar que, como queira que a árbore se atopa dentro da franxa afectada, é por este motivo que se afecta á mesma.

En canto a valoracións económicas, infórmase que as alegacións a presentar deberían estar relacionadas cos aspectos técnicos do proxecto ou coa falta de bens afectados e non coa valoración dos mesmos, xa que as alegacións sobre aspectos económicos serán obxecto de revisión en fases posteriores do procedemento expropiatorio.

Por todo o exposto desestímase as alegacións e non se concede a ampliación de prazos solicitada xa que toda a información estaba a disposición da afectada dende o primeiro momento.

b) En data de 12 de decembro de 2025, D^a. Marta Isabel Romay López presenta un escrito de alegacións (nº de rexistro 2025022899) onde, en síntese, expón que tivo noticia da aprobación inicial do proxecto, dentro do cal figura a parcela D25 da que é copropietaria



nun 3,63 %; polo que interesa se actualice a titularidade da parcela conforme á nota simple rexistral facilitada, e que se lle fagan as notificacións que correspondan.

En resposta a esta solicitude, infórmase que se toma nota da súa alegación e, no sucesivo, remitiráselle todas as comunicacións sobre a parcela de referencia.

c) En data de 26 de decembro de 2025, D^a. Ana María Jesús Romay Graña presenta un novo escrito de alegacións (n^o de rexistro 2025023669) onde, solicita información e xustificación sobre a necesidade de cortar a árbore madeirable indicada, así como da non necesidade de corte ou voadura da rocha existente na propiedade. Ademais alega que existe unha discrepancia significativa entre a cartografía e a descrición catastral da parcela e a súa realidade física e xurídica, acreditada mediante marcos históricos polo que manifesta a súa oposición á expropiación de calquera superficie adicional á estritamente necesaria, e en particular á ocupación da zona destinada a descanso e bancos.

En resposta a esta solicitude, infórmase que os bens e dereitos afectados indicados no proxecto son os necesarios para a execución do mesmo, e para a escavación empregaranse tódolos métodos aceptados no proxecto. Polo que respecta á discrepancia entre a cartografía e a descrición catastral da parcela non queda acreditada coa documentación presentada que a titularidade da franxa destinada a descanso e bancos sexa privada, e xa que na cartografía catastral figura como dominio público é o que se ten en conta para definir as afeccións.

Por todo o exposto desestímanse as alegacións presentadas.

Terceiro: Con respecto á parcela I26, en data de 2 de decembro de 2025, D^a. Elvira Torres Casas e D^a. Elvira Martínez Torres presentan dous escritos de alegacións (n^o de rexistro de entrada 2025022182 e 2025022183, respectivamente) onde, en síntese, expoñen que no plano exposto, a obra acada toda a zona dianteira da casa (aprox. 2,75 m) cando a liña das beirarrúas das edificacións colindantes están a 1,75 m. Tamén alegan que non se ten en conta que a casa está sobreelevada con respecto ao nivel da vía, co que teñen que habilitar escalóns para saír e por último manifestan que existe unha entrada de camións, e que terán que rectificar toda a pendente de baixada e acceso ao almacén.

En resposta a esta solicitude, infórmase que a construción dunha senda debe dar cumprimento ás normas de accesibilidade e normativa estatal e local, o que resulta na amplitude da senda deseñada. Con respecto á vivenda, esta manterá o acceso á mesma en condicións equivalentes ás actuais, que neste momento consiste en acceso mediante chanzos.

Por último, hai que sinalar que a entrada de camións á que fan referencia contará co mesmo número e tipo de accesos cos que conta na actualidade, debendo resultar estes equivalentes aos existentes.

Por todo o exposto desestímanse as alegacións.

Cuarto: En relación coa parcela D01, en datas de 11 e 15 de decembro de 2025, D^a. María Jesús Pousada Vicente e D^a. Ana María Pousada Vicente presentan dous escritos de alegacións (n^o de rexistro 2025022776 e 2025022932) onde, en síntese, expoñen a súa desconformidade coa superficie e o uso do espazo expropiado, indicando que o espazo resultante non pode manter as condicións de aparcamento actuais, reducíndose nunha



praza o espazo. Tamén fan alusións a un incumprimento dun acordo previo en relación co aparcamento para 3 coches dentro da parcela e solicitan a modificación do proxecto para garantir o espazo suficiente para o aparcamento de 3 coches.

En resposta a esta solicitude, infórmase que a configuración do proxecto non implica a perda de ancho da parcela, manténdose sempre o ancho actual. Polo tanto, sexa cal sexa o uso da parcela D01, este poderá manterse nas mesmas condicións dado que o ancho da mesma se manterá inalterado. Polo que respecta aos supostos acordos previos, descoñecemos os mesmos na súa totalidade e non figuran no expediente do procedemento expropiatorio.

Por todo o exposto desestímase as alegacións.

Quinto: En relación coas parcelas D02, D03, D04 e D05, en data de 12 de decembro de 2025, D^a. María del Carmen Marín Carballa presenta un escrito de alegacións (nº de rexistro 2025022898) onde, en síntese, expón que no documento de expropiación aparecen máis metros cadrados dos que existen na realidade (a superficie total das parcelas D02, D03 e D04, das que é dona, é de 110 m² no proxecto, mentres que a alegante indica que son 70 m²). Por outra banda indica que a parcela D05 (ref. catastral 6282050NG2968S0001QU) non é da súa propiedade, estando xa presentada a documentación en Catastro).

En resposta a esta solicitude, infórmase que os datos a partires dos que se realizan os procedementos de expropiación son os indicados no Catastro, e as superficies a expropiar son as resultantes da intersección da superficie da parcela co deseño da actuación.

Con respecto á segunda alegación, informámoslle que como nos datos facilitados polo Catastro figura D^a María del Carmen Marín Carballa como propietaria todas as comunicacións remitíronselle a ela.

Por todo o exposto desestímase a alegación referida á superficie expropiada e modifícase o titular da parcela D05, quedando como “descoñecido” en tanto non se presente un afectado que acredite a súa titularidade.

Sexto: Con respecto á parcela D22, en data de 15 de decembro de 2025, D^a. Natalia María Penide Calvar presenta un escrito de alegacións (nº de rexistro de entrada 2025022987) onde, en síntese, expón o seguinte:

a) En primeiro lugar solicita a nulidade da declaración de urxente ocupación por falta de motivación e a anulación do trámite de información pública pola insuficiencia material do expediente.

En vista do exposto infórmase que o proxecto "Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP-0601 Portosanto – Campelo – PO-308”, foi aprobado de forma inicial polo Pleno da Corporación Provincial o 31 de outubro de 2025.

A posta en marcha do proxecto, que leva consigo a mellora do vial e a construción dunha senda peonil, configúrase como unha obra pública de interese xeral de acordo co disposto no artigo 27 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

A urxencia de acometer canto antes as obras vén xustificada pola necesidade de mellorar as condicións de seguridade e mobilidade para os peóns e así evitar, na medida do posible, os accidentes e o perigo que o estado actual da estrada supoñen para a circulación, mediante a construción dunha senda peonil na marxe dereita da estrada e a implantación dunha zona de convivencia onde non é posible acadar o largo mínimo de 2,50 m. Ademais, contempla a



execución de muros de sostemento da estrada, a creación de prazas de estacionamento, a mellora do sistema de drenaxe de augas pluviais, a renovación da iluminación pública e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras; contribuíndo todo elo a mellorar notablemente a seguridade viaria do treito obxecto da actuación.

Neste sentido non hai que esquecer que calquera mellora nunha estrada vai supor a minoración de riscos de accidentes e, en consecuencia, nunha materia na que está en xogo a vida humana a utilidade pública da obra e a urxencia na súa execución está sempre xustificada.

Dado que a motivación da declaración de urxente ocupación está máis que xustificada, non procedería a anulación do trámite de información pública dado que se realizou de conformidade co disposto na Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa. Por todo o exposto desestímase a alegación.

b) En segundo lugar, solicita que se modifique puntualmente o trazado da senda peonil ao seu paso pola finca D22 para resolver o encontro entre o futuro muro do xardín e a esquina suroeste da vivenda mediante un chaflán, fundamentando tal alegación cun informe anexo redactado polo arquitecto Ricardo Alfonso Rodríguez Bogo.

Sobre esta alegación, non se considera que a solución proposta no proxecto cree puntos cegos máis alá da redución de visibilidade que xa neste momento provoca a vivenda, nin que prexudique á funcionalidade da senda ou teña un menor impacto polo feito de executar outro chaflán que reduciría máis do preciso o ancho da senda nese tramo, polo que se desestima esta alegación.

Por todo o exposto desestímase a alegación.

c) Por último, a afectada solicita que se remita o proxecto ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia para que sexa sometido ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental Simplificado.

O proxecto non cumpre os criterios indicados nos Anexos I e II da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, polo que a maiores das autorizacións sectoriais xa solicitadas e autorizadas, non é necesario que este sexa sometido a ningún procedemento de avaliación ambiental.

Por todo o exposto desestímase a alegación.

Sétimo: Con respecto á parcela I24, en data de 18 de decembro de 2025, D. Jesús López García, en representación de Colesa temas legais y salud S.L. presenta un escrito de alegacións (nº de rexistro WEB2025086322) onde, en síntese, expón que a expropiación proxectada sobre a parcela sería de 336 m², arredor do 40% da parcela, o que faría que a mesma non acadase a superficie mínima edificable. Ademais o afectado indica que unha vez consultados os planos do proxecto, os mesmos non parecen ser coherentes con dita superficie, polo que solicita a aclaración da superficie a expropiar da parcela I24.

Por último, indica que en caso de manterse a expropiación de 336 m², o que privaría á mesma de edificabilidade, se execute a expropiación total da mesma ou, no seu defecto, a indemnización do menor valor da parte non expropiada.

En resposta a esta solicitude, infórmase o seguinte:



O proxecto construtivo non ofrece dúbidas en relación coa superficie a expropiar nin coa morfoloxía da mesma, tendo en conta sempre que a forma da parcela obtense dos datos que proporciona a Dirección Xeral do Catastro, polo tanto, vólvese a indicar que a expropiación será de 336 m².

En canto á solicitude de expropiación total da parcela, esta Administración rexeita a mesma xa que non está acreditado no expediente que a consecuencia da expropiación dunha parte da parcela -336 m²- resulte antieconómica para o propietario a conservación dos 500 m² restantes da parte do predio non expropiado, sen que ademais concorran no presente suposto os requisitos materiais e formais que se derivan do artigo 23 da Lei de Expropiación Forzosa e artigo 22 do seu Regulamento.

En canto ao primeiro dos requisitos, e de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Supremo, entre outras, sentenza do 12 de xullo de 1994, a conservación dunha parte de parcela sobrante dunha expropiación é antieconómica cando de acordo coa forma normal e razoable de explotación e tomando así mesmo en conta o aproveitamento a que anteriormente estaba destinada, o propietario non pode alcanzar unha utilidade suficiente que xere nel un interese en manter o inmovible dentro do seu patrimonio; sen que a expropiación total teña xustificación cando a condición antieconómica da parcela é previa á expropiación e está á marxe da división operada pola mesma (sentenza do Tribunal Supremo de 30 de xaneiro de 2006).

Neste suposto, esta parcela está cualificada no planeamento como solo de núcleo rural – para o que son necesarios 500 m² de superficie para poder edificar no caso máis desfavorable segundo o PXOM do Concello de Poio–, sen que a expropiación parcial contemplada no proxecto supoña polo tanto que a parcela restante resulte antieconómica para o propietario para outros usos.

En canto aos requisitos formais, na solicitude de expropiación total o propietario expón de forma motivada as causas concretas determinantes dos prexuízos económicos, tanto pola alteración das condicións fundamentais da leira como das súas posibilidades de aproveitamento rendible, pero sen entrar a valorar economicamente o posible prexuízo sobre a explotación da parcela.

Por todo o exposto, desestímanse as alegacións.

Oitavo: En relación coa parcela D20, en data de 22 de decembro de 2025, D. Manuel Sobral Fernández e D^a. Ana María Nieto Quintillán presentan un escrito de alegacións (n^o de rexistro 2025023410) onde, en síntese, expoñen que a zona de entrada á parcela, actualmente pavimentada en pedra, non está incluída nos 2,5 m. de ancho da senda e que, polo tanto non é necesaria para a execución da senda, polo que se solicita que os metros cadrados da entrada queden fóra da expropiación da parcela D20, afectando entón unicamente aos 2,5 m. de ancho da senda. Ademais sinalan que existe falta de visibilidade viaria na curva que se sitúa xusto fronte á entrada da parcela, indicando que se teñen producido accidentes nese punto e que (sobre todo en sentido Campelo) é imposible ver os vehículos que circulan en sentido contrario con marxe para reaccionar.

En resposta a esta solicitude, infórmase que é certo que a ocupación da entrada á parcela D20 non é estritamente necesaria para a execución da senda, polo que se estima esta alegación e se reduce a superficie final expropiada.



Con respecto á falta de visibilidade da parcela sinalada polo propietario, unha vez revisado o punto quilométrico sobre o que se alega non se observa unha falta de visibilidade manifesta que poida provocar situacións de perigo, polo que non se considera necesario ampliar a superficie a expropiar polo proxecto.

Noveno: En relación coa parcela I20, en data de 23 de decembro de 2025, D^a. María Mercedes Romay Caldas presenta un escrito de alegacións (n^o de rexistro 2025023469) onde, en síntese, expón que a súa vivenda queda sen entrada despois da expropiación, desprotexida coa eliminación do muro centenario que a protexe e que terá perda de privacidade na vivenda. Tamén considera excesiva a cantidade de terreo expropiado.

En resposta a esta solicitude, infórmase que a parte da parcela lindeira coa estrada provincial EP-0601 dispón dun muro de peche que neste momento provoca situacións de moi mala visibilidade no cruce da estrada provincial co camiño Estanco Vello. Isto, sumado ao limitado ancho da estrada provincial nese punto, supón un grave risco para a seguridade viaria e peonil, o que leva á situación plantexada polo proxectista na que se elimina o muro de peche da parcela e se ocupa a superficie prevista no proxecto, para dar maior amplitude á plataforma e dotar á intersección de maior anchura e polo tanto, seguridade.

A parcela, por razóns legais, contará co mesmo número e tipo de accesos cos que conta na actualidade, debendo resultar estes equivalentes aos existentes.

Por todo o exposto, desestímase as alegacións.

Décimo: En relación coa parcela D19, en data de 26 de decembro de 2025, D^a. Atala Begoña Paredes Cereijo presenta un escrito de alegacións (n^o de rexistro 2025023680) onde, en síntese, manifesta que é propietaria dunha vivenda turística e a falta dunha praza de aparcamento orixináralle numerosos prexuízos como é o incremento do risco de accidentes, a falta de un lugar axeitado para o proceso de carga e descarga de equipaxe ou o acceso ao seu establecemento por parte de persoas con mobilidade reducida. Por todo o exposto solicita a inclusión de dúas prazas de aparcamento no deseño do proxecto.

En resposta a esta solicitude, infórmase que non existe obrigatoriedade para a Administración da creación de prazas de aparcamento no caso da existencia de vivendas de uso turístico. O motivo principal da actuación é a mellora da mobilidade peonil, polo que ese motivo estará sempre por riba de calquera outro neste proxecto. Ademais, a senda peonil cumpre con toda a normativa de accesibilidade e incrementa así mesmo a distancia entre a calzada e posibles zonas de estacionamento, polo que o aumento da seguridade e mobilidade para todo tipo de persoas está garantida.

Por todo o exposto desestímase as alegacións.

Décimo primeiro: Con respecto á parcela I19, en data de 26 de decembro de 2025, D. Eulogio Caldas Fontecha presenta un escrito de alegacións (n^o de rexistro 2025023695) onde, en síntese, expón que na súa carta de expropiación debe haber un erro, xa que deben ser máis metros cadrados no aparcamento porque recentemente ten autorizado un deslinde da Deputación.

(n^o expte. 2024045431).

Segundo: Que nesa zona tan estreita sería mellor un sentido único.

Terceiro: Que non acepta que se coloquen os colectores do lixo na súa parcela.



En resposta a esta solicitude, infórmase o seguinte:

Sobre a primeira alegación, e unha vez revisados os datos actualizados do Catastro, compróbase que a liña límite da parcela non coincide coa indicada no proxecto. En concreto, a ocupación desta parcela debería ser de 41,50 m².

Con respecto á segunda alegación, os condicionantes do proxecto foron debatidos coa empresa redactora do proxecto e a conclusión para a zona da parcela I19 foi que a mellor solución pasaba polo mantemento dos dous sentidos de circulación.

En canto á terceira alegación, cómpre salientar que o servizo de recollida de lixo, e polo tanto a colocación dos colectores, é competencia do Concello de Poio, e serán os seus servizos técnicos os que decidirán a colocación definitiva de ditos colectores.

Por todo o exposto, estímase a primeira alegación e desestímase o resto de alegacións.

Décimo segundo: Con respecto ás parcelas D23 e D24, en data de 30 de decembro de 2025, D^a. Mercedes Couselo Graña presenta un escrito de alegacións (n^o de rexistro 2025023955) onde, en síntese, solicita a redución da superficie expropiada a un máximo de dous metros dende o borde da calzada.

En resposta a esta solicitude, infórmase que os condicionantes xeométricos, tanto por necesidades de axuste do trazado da estrada como por accesibilidade, veñen dados por diversa normativa local, autonómica e estatal, e son os que, trasladados ao caso concreto deste proxecto, provocan que o resultado final sexa o que se mostra na documentación exposta ao público. É por elo que non é posible reducir a ocupación ao solicitado pola alegante.

Por todo o exposto desestímase a alegación.

3^a Aprobación definitiva do proxecto.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

Non é preceptivo o informe de Secretaría, tal e como se sinala no seu informe de data 13 de agosto de 2024. A Intervención Xeral informou favorablemente a proposta de aprobación do proxecto o 1 de outubro de 2025.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da LEF entenderanse co Ministerio Fiscal as dilixencias correspondentes ás parcelas cuxos titulares non recolleron as notificacións individuais e non compareceron.

Polo que antecede e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade a adopción dos seguintes acordos:



Primeiro.- Aprobar definitivamente o proxecto construtivo de “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP-0601 Portosanto – Campelo – PO-308, dende o PQ 2+410 ata o PQ 3+510 (Concello de Poio)” cun orzamento de 1.829.667,52€ e 72.409,97€ en concepto de expropiacións.

Segundo.- Estimar as alegacións presentadas por Consuelo García Sobral, Marta Isabel Romay López e Eulogio Caldas Fontecha.

Terceiro.- Desestimar as alegacións presentadas por Ana María Jesús Romay Graña, Elvira Torres Casas, Elvira Martínez Torres, María Jesús Pousada Vicente, Ana María Pousada Vicente, María del Carmen Marín Carballa, Natalia María Penide Calvar, Colesa Temas Legales y de Salud, SL, Manuel Sobral Fernández, Ana María Nieto Quintillán, María Mercedes Romay Caldas, Atala Begoña Paredes Cereijo, Eulogio Caldas Fontecha e Mercedes Consuelo Graña.

Cuarto.- Aprobar definitivamente o expediente de expropiación, declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos conforme á relación que se detalla no Anexo I entendéndose as dilixencias co Ministerio Fiscal en representación das persoas titulares das parcelas que non recolleron as notificacións individuais e non compareceron no procedemento.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN (m ²)	BEN
D01	6282042NG2968S	8,50	10 m ² Edificación (almacén)
D02	6282043NG2968S	5,50	
D03	6282044NG2968S	5,00	
D04	6282048NG2968S	3,75	
D05	6282050NG2968S	11,50	
D06	6282052NG2968S	7,75	
D07	6282054NG2968S	5,25	
D08	6282056NG2968S	10,00	
D09	6282059NG2968S	72,50	
D10	6185625NG2968N	48,25	
D11	6185628NG2968N	39,50	39,50 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
D12	6185631NG2968N	21,00	21 m ² Soleira de formigón



D13	6185632NG2968N	15,75	15,75 m ² Soleira de formigón
D14	6185684NG2968N	53,50	32 m ² Viñado
D15	6185685NG2968N	48,50	12 m ² Viñado
D16	6185642NG2968N	50,00	
D17	6185643NG2968N	49,75	
D18	6185644NG2968N	43,00	
D19	6185672NG2968N	20,00	15 m ² Pavimento de baldosa hidráulica 5 m ² Zona axardinada
D20	6185602NG2968N	15,75	15,75 m ² Pavimento de losa granítica
D21	6187601NG2968N	33,75	
D22	6289042NG2968N	43,00	12 m ² Peche de bloque recebado 1 ud. Árbore ornamental
D23	6289043NG2968N	171,00	75 m ² Peche de bloque con malla electrosoldada 7 ud. Árbore froiteira 6 m ² Edificación (almacén)
D24	6289044NG2968N	92,50	90 m ² Viñado
D25	6289047NG2968N	63,50	1 ud. Árbore madeirable
D26	6491001NG2969S	13,50	
I01	6082231NG2968S	24,75	24,75 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I02	6082230NG2968S	7,25	7,25 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I03	6082229NG2968S	6,00	6 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I04	6082228NG2968S	1,00	1 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I05	6082227NG2968S	20,75	20,75 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I06	6082226NG2968S	12,50	12,50 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I07	6082225NG2968S	19,00	19 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I08	6082223NG2968S	33,50	15,50 ml. Peche de pedra con reixa metálica
I09	6084412NG2968S	81,00	
I10	6082219NG2968S	133,00	33 ml. Peche de pedra con reixa metálica 15 m ² Soleira de formigón
I11	6084403NG2968S	106,75	
I12	6084402NG2968S	65,75	
I13	6084401NG2968S	52,00	
I14	6186911NG2968N	91,75	
I15	6186919NG2968N	35,00	
I16	6186903NG2968N	2,50	
I17	6186902NG2968N	62,25	6,50 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I18	6188005NG2968N	58,00	



I19	6188002NG2968N	41,50	41,50 m ² Soleira de formigón
I20	6188001NG2968N	40,00	9,50 m. Peche de pedra
			30 m ² Zona axardinada
			8 m. Balaustrada de pedra
I21	6189012NG2968N	8,75	3,20 m ² . Zona axardinada
			5,35 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I22	6189011NG2968N	59,50	39,75 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
			16,25 m ² Soleira de formigón
I23	6189038NG2968N	155,75	108 m ² Viñado
I24	6189045NG2968N	336,00	
I25	6291308NG2969S	19,75	19,75 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
I26	6291307NG2969S	65,00	40 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
			9 m. Peche de pedra
I27	6291301NG2969S	34,75	3,50 m. Peche de pedra con reixa metálica
I28	6291306NG2969S	19,75	12,25 m ² Pavimento de baldosa hidráulica
			4 ml. Varanda metálica
I29	6291305NG2969S	17,25	10 m ² Soleira de formigón
			10 m ² de pavimento de baldosa

12.8596.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) DE REPROBACIÓN E DE SOLICITUDE DE DIMISIÓN DO MINISTRO DE TRANSPORTES Y MOVILIDAD SOSTENIBLE POLA SÚA XESTIÓN DAS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS DE TITULARIDADE ESTATAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (EXPTE. 2026008120)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/ojRRG2FX9rHSjJwKnpPpWJEt1DoQKrMHMGeGx9xsWE0eoTGG>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de reprobación e de solicitude de dimisión do Ministro de



Transportes y Movilidad Sostenible pola súa xestión das infraestruturas e servizos de titularidade estatal na provincia de Pontevedra, cuxo texto é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PP Provincial de Pontevedra quere denunciar publicamente que as infraestruturas, estradas, instalacións portuarias e aeroportuarias e todas as medidas e servizos vencellados aos transportes e a mobilidade dependentes do Goberno de España están a vivir na actualidade no noso territorio o peor momento da súa historia, inmersas nun estado de abandono, desmantelamento e recortes inadmisibles como consecuencia directa e exclusiva da xestión do Ministro Óscar Puente.

Ademais, o forte retroceso destas infraestruturas, claves para o desenvolvemento da nosa provincia, non pode atribuírse a unha cuestión económica, posto que o Goberno de España está a ter uns ingresos récord froito da súa política de fritir a impostos aos cidadáns ata límites insospeitados. Polo tanto, estamos ante unha decisión política do ministro que só podemos enmarcar na súa animadversión co noso territorio, ao que castiga, discrimina e maltrata sistematicamente e que nos obriga, na defensa dos lexítimos intereses dos 950.000 pontevedreses, a pedir a súa inmediata marcha.

A xestión dos servizos ferroviarios das últimas semanas, deixando incomunicada á cidade de Vigo, pechando as taquillas de venda de billetes e información por medo aos cidadáns, eliminando frecuencias en Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, padecendo retrasos e avarías nos convois da nosa provincia ou eliminando directamente as paradas en pequenas vilas como Catoira, Portas ou Pontecesures, entre outras, son a pingueira que colmou o vaso da paciencia dos pontevedreses e que acabou por dinamitar a calidade dos servizos públicos aos que temos dereito.

Pero en todo caso, esta derradeira cuestión non é máis que outro novo ataque directo á nosa provincia ao longo dos seus algo máis de dous anos ao fronte do Ministerio, que se caracterizou, sen dúbida e en primeira instancia, por machacar unha e outra vez principalmente á cidade de Vigo.

A xestión do ministro cara a principal poboación de Galicia eliminou o proxecto da construción do AVE directo por Cerdedo, tal e como deixou claro coa presentación do mapa estatal da alta velocidade ferroviaria; ten retrasada a construción da saída sur cara Portugal de xeito inasumible e cun incumprimento grave dos prazos; e levantou un forte malestar e preocupación co proxecto do túnel da A-52 que afectaría a Mos e á parroquia viguesa de Bembrive cun proxecto que, ademais, non pretende executar o goberno socialista.

Así mesmo, a xestión de Óscar Puente está a desmantelar o aeroporto de Peinador, que vive o seu peor momento en décadas ao contar na actualidade con só sete destinos, todos eles nacionais, mentres o xestor Aena, dependente do ministerio, non emprende ningunha



iniciativa para refrotalo e pñer en marcha unha oferta atractiva e necesaria malia ser da súa exclusiva competencia.

E seguindo coa cidade de Vigo, tamén temos que lamentar o maltrato que se lle está a dar ao Porto, un dos máis importantes de Europa e que o ministro ten fóra da rede de portos nodais da UE, á que si pertence A Coruña, e que lastra a súa competitividade e investimentos. Neste eido, desde o PP Provincial non entendemos o nulo interese do responsable estatal para incluílo na próxima convocatoria malia que Vigo supera en conectividade a sete de cada dez portos nodais de Europa e que cumpre cos requisitos para dispoñer desta categoría.

Ademais, e con respecto ao Porto de Vigo, tamén temos que lamentar a discriminación directa por parte do Ministerio no plan de investimentos para estas infraestruturas ata o ano 2029 aprobado polo Goberno de España, posto que ten previsto destinar 362 millóns de euros na Coruña e menos de 200 en Vigo no marco desta política de maltrato que levamos dous anos denunciando e que se intensifica co paso do tempo.

E por suposto tamén temos que falar da situación da autoestrada AP-9, que atinxe principalmente a Vigo e a toda a súa área de influencia, pero que se trata dunha cuestión que afecta a toda a provincia e a toda Galicia sobre a que non deixaremos de levantar a voz pola saña coa que o ministro está a actuar contra os cidadáns.

Novamente este ano, como sucedeu tamén nos anteriores, enfrontámonos ás maiores subas de peaxes de todo o Estado mentres o ministro aproba a gratuidade de autoestradas en Andalucía, Valencia ou Cataluña, anuncia para este ano as de Alicante e Bilbao-Zaragoza e para o 2029 outras en Madrid, Ávila e Segovia deixando fóra, unha vez máis, a Galicia e á AP-9.

Así mesmo, tamén é o responsable do vergoñento e antidemocrático veto, en decenas de ocasións, ao debate no Congreso dos Deputados da solicitude de transferencia e gratuidade desta vía de alta capacidade malia ser reclamada pola unanimidade do Parlamento Galego.

En canto á cidade de Pontevedra, a xestión do ministro Óscar Puente tamén se está a caracterizar pola inacción e os incumprimentos, como no caso do nó de Bombeiros, falsamente reactivado para acalar as críticas e que leva paralizado preto de ano e medio sen explicacións oficiais nin prazos, ou pola falta de resolución dos problemas de anegamento da PO-11 para a conexión con Marín, que seguen sen resposta tras oito anos de executivo socialista e que están a agravarse, xa que só no que vai do presente ano sufriu máis cortes que en todo 2025.

Pero a capital provincial tamén ten no ar, por parte do Ministerio, a resolución final da autovía A-57, cuxas dúas fases pendentes entre A Ermida e Curro son moi lesivas para o territorio e para os cidadáns –algo que incluso foi denunciado polo PSOE de Pontevedra– e cuxo primeiro treito, que parte de Vilaboa e que entrou en servizo a finais de 2024, ten



unhas pésimas conexións coas estradas nacionais deste municipio, tal e como se queixou o propio alcalde socialista César Poza.

Outra cuestión que censura por completo a xestión do ministro na nosa provincia e que afecta á práctica totalidade do territorio é o inexistente mantemento e conservación das estradas nacionais, que percorren 28 concellos ao longo de 317,5 quilómetros e acollen diariamente a preto de 125.000 usuarios.

Estas estradas presentan unhas condicións lamentables tras o completo abandono e a falta do investimento do Ministerio, algo que se fixo especialmente patente ao longo dos dous últimos anos, o que está a derivar nun gravísimo problema de seguridade viaria e que pon en risco a vida da xente.

A situación destas vías nacionais é moi perigosa, con rotura de plataformas, fendas, fochancas de grandes dimensións, deficiente sinalización horizontal, problemas de iluminación, falta de visibilidade ou problemas de drenaxe, por só citar as principais cuestións do ronsel de deficiencias. De feito, o seu estado está a espertar un importante clamor político, social e veciñal, coa creación de plataformas de afectados en moitos concellos e incluso críticas das agrupacións socialistas en distintos municipios.

Desde o PP Provincial xa solicitamos en dúas ocasións neste mandato, a través de senllas mocións nesta corporación, o seu arranxo inmediato, pero as mesmas foron totalmente desatendidas polo ministro e consideramos que este maltrato reiterado e irresponsable xustifica plenamente a solicitude da súa marcha.

Pero ademais da degradación das estradas nacionais, palpable no sentimento de culpabilidade que denota o subdelegado do Goberno cando sostén que non se pode vencellar a sinistralidade coa titularidade das vías da provincia, tamén nos atopamos por parte do ministro con constantes incumprimentos en proxectos fundamentais e comprometidos por el mesmo, como a reforma da N-120 en Pontearreas, o investimento de 4 millóns de euros na N-541 entre Forcarei e Cerdedo-Cotobade ou o arranxo integral da N-640 en Caldas de Reis e Cuntis, por só citar as actuacións previstas máis importantes.

E todo isto, complementábase cun proxecto anunciado para a construción da Variante Oeste de Caldas de Reis e Acceso ao Porto de Vilagarcía pola AP-9 que parecía deseñado só para rebentar o territorio da capital do Umia e que, afortunadamente, semella paralizado pola forte contestación social, pero que, de ser polo ministro, saíría adiante nunha mostra máis do seu desprezo pola nosa provincia.

Ante esta situación, e tras máis de dous anos dunha política de infraestruturas totalmente contraria ás necesidades e demandas de Pontevedra, queremos reprobar a xestión do ministro Óscar Puente e, paralelamente, reclamar a súa dimisión pola súa demostrada incapacidade na xestión de Transportes y Movilidad Sostenible, polo seu castigo, maltrato e discriminación cara a nosa provincia e polas inexistentes perspectivas de que, no futuro, atenda a este territorio de maneira axeitada.



Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Reprobar, por parte da Deputación de Pontevedra, a xestión do Ministro de Transportes y Movilidad Sostenible, Óscar Puente, respecto das infraestruturas e servizos de titularidade estatal na provincia de Pontevedra.
2. Solicitar a dimisión inmediata do Ministro de Transportes y Movilidad Sostenible, Óscar Puente, pola súa acción política de maltrato e discriminación coa provincia de Pontevedra no desenvolvemento das súas competencias e dar traslado de dito acordo ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible.”

13.8597.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A QUE CUMpra COA LEI DE DEPENDENCIA E ASUMA O FINANCIAMENTO DO 50% DO CUSTE DO SAF E ABONE DE MANEIRA INMEDIATA A DÉBEDA ACUMULADA CON GALICIA QUE ACADA OS 2.900 MILLÓNS DE EUROS (EXPTE. 2026008384)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/ztVuo2V6axx5mQv24P79qZDTafTLZsYkn14qEAIgjUfPPhia>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para instar ao Goberno de España a que cumpra coa Lei de Dependencia e asuma o financiamento do 50% do custe do SAF e abone de maneira inmediata a débeda acumulada con Galicia que acada os 2.900 millóns de euros, cuxo texto é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Asistencia no Fogar (SAF) é un dos piares fundamentais do sistema de atención á dependencia. No caso de Galicia funciona desde os anos 90, aínda que a súa forma actual está regulada, na Lei de Servizos Sociais aprobada polo bipartito PSOE-BNG no ano 2008, e na posterior orde de 2009 na que se regula o funcionamento concreto do



servizo. Hai que lembrar que no ano 2006 apróbase a nivel nacional a coñecida como Lei de Dependencia, de xeito que a axuda no fogar tamén é unha forma de dar cumprimento a unha esixencia de dita lei estatal.

